



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 85

Sesión plenaria
11 de outubro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto único. Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 36952, 10/DEBA-000002)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás once e sete minutos da mañá.

Antes de comezar co desenvolvemento da orde do día, o señor presidente proponlles aos membros da Cámara que se garde un minuto de silencio en memoria das vítimas das riadas producidas en Mallorca.

Todos os membros da Cámara e do Goberno, así como os asistentes á sesión plenaria, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 9.)

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

O señor presidente comunícalle á Cámara o modo no que se vai desenvolver o debate sobre as propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios. (Páx. 9.)

A señora secretaria (Arias Rodríguez) dálles lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución. (Páx. 9.)

Debate das propostas de resolución

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa das súas propostas de resolución: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 15.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 21.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 27.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 35.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse sobre as propostas de resolución dos demais grupos: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 41.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 44.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 47.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 50.)

O señor Villares Naveira (EM) solicita a palabra e intervén para facer unha petición de retirada de determinados comentarios do discurso do señor Tellado Filgueira (P). (Páx. 41.) O señor presidente, a continuación, concédelle a palabra ao señor deputado aludido, Tellado Filgueira (P), que intervén sobre a cuestión suscitada. (Páx. 55.)

Votación das propostas de resolución

Votación das propostas de resolución transaccionadas

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 34 do Bloque Nacionalista Galego: rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 58.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 37 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 25 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 26 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 68 votos a favor, ningún en contra e 5 abstencións.* (Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 27 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 36 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 67 votos a favor, ningún en contra e 5 abstencións.* (Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 40 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 54 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 29 do G. P. de En Marea: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 32 do G. P. de En Marea: *aprobada por 68 votos a favor, ningún en contra e 5 abstencións.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 6 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 8 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 28 votos a favor, 40 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 14 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 28 votos a favor, 40 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 23 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 38 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 39 do G. P. dos Socialistas de Galicia, coa incorporación da corrección técnica consistente en iniciar o texto resolutivo nestes termos: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a...»: *rexeitada por 27 votos a favor, 40 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 1 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 26 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 34 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 36 do G. P. de En Marea, coa corrección técnica consistente en suprimir a frase que antecede a: «...o Parlamento de Galicia insta...»: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 4 do G. P. Popular de Galicia e a proposta de resolución número 36 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 54 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 5 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 54 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 6 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 54 votos a favor 19 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia tras o acordo que se tomou na Xunta de Portavoces e recollida no doc. núm.38565: *aprobada por 54 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Votación da proposta de resolución número 8 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 5 votos a favor, 40 en contra e 28 abstencións.* (Páx. 63.)

Votación das propostas de resolución números 2 e 4 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 5 votos a favor, 54 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 63.)

Votación das propostas de resolución números 22 e 25 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación das propostas de resolución números 1, 5, 13 e 39 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 19 votos favor, 54 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación das propostas de resolución números 6, 7, 9, 12, 18, 19, 30, 31, 32, 33, 35, 38 e 40 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 19 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 64.)

Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia

Votación da proposta de resolución número 16 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 14 votos a favor, 40 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 64.)

Votación da proposta de resolución número 34 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 54 votos a favor, 5 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 64.)

Votación das propostas de resolución números 3, 7 e 29 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 28 votos a favor, 40 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 64.)

Votación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. de En Marea

Votación da proposta de resolución número 2 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da proposta de resolución número 4 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación das propostas de resolución números 5 e 35 do G. P. de En Marea: *rexeitadas por 19 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación das propostas de resolución números 19, 25 e 38 do G. P. de En Marea: *aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das propostas de resolución números 3, 9, 10, 11, 33 e 37 do G. P. de En Marea: *rexeitadas por 19 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación das propostas de resolución do G. P. de En Marea agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. Popular de Galicia

Votación da proposta de resolución número 7 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 40 votos a favor, 28 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación da proposta de resolución número 28 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 59 votos a favor, 14 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da proposta de resolución número 34 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 40 votos a favor, 14 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación da proposta de resolución número 37 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 54 votos a favor, 14 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación das propostas de resolución números 3, 8, 27 e 33 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 54 votos a favor, 14 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación das propostas de resolución números 13, 14, 16 e 38 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 40 votos a favor, 14 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación das propostas de resolución números 1, 9, 10, 15, 17, 18, 20, 21, 30 e 40 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 54 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia agás as xa votadas: *aprobadas por 40 votos a favor, 19 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 67.)

Remata a sesión ás dúas e vinte e un minutos da tarde.

Retómase a sesión ás once e sete minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos retomar a sesión.

Antes de retomar a orde do día convido as súas señorías a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas das riadas rexistradas en Mallorca.

Trasladamos as nosas condolencias ás familias das persoas falecidas e desexamos unha rápida recuperación da normalidade para todos.

(As señoras e os señores deputados, postos en pé, gardan un minuto de silencio.) (Pausa.)

(Aplausos.)

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

Debate e votación das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, e pasamos ao debate e votación das propostas de resolución.

Para iso infórmoos de que a sesión, segundo o acordo da Mesa e Xunta de Portavoces do pasado 18 de setembro, se desenvolverá do seguinte xeito: anuncio de agrupacións e votacións separadas das propostas de resolución para a votación, conforme a información recibida dos grupos parlamentarios; rolda de intervencións dos portavoces dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global de todas as propostas de resolución —por un tempo de 20 minutos por grupo parlamentario—; rolda para a fixación de posicións dos grupos parlamentarios en relación coas propostas dos outros grupos —por un tempo de 10 minutos por grupo parlamentario—; e, por último, votación das propostas de resolución.

De seguido, concédeselle a palabra á secretaria da Cámara para que dea lectura do acordo da Mesa en relación coas propostas de resolución admitidas pola Mesa e as súas agrupacións para as votacións.

Cando queira, señora secretaria.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

«Acordo de cualificación e admisión a trámite das propostas de resolución.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 10 de outubro de 2018, examinou as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2018.

Tendo en conta o disposto no artigo 141 bis) do Regulamento da Cámara e os criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 18 de setembro de 2018, logo da audiencia da Xunta de Portavoces e en virtude deles, os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta. Logo de rematado o prazo concedido ao Grupo Parlamentario de En Marea para reformular as propostas de resolución números 2 e 39, e ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para reformular a proposta de resolución número 33, co obxecto de axear as propostas ao disposto nos citados preceptos regulamentarios e criterios, estes grupos parlamentarios presentaron reformuladas as ditas propostas de resolución.

En consecuencia, a Mesa adopta o seguinte acordo:

A) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (documento número 38512). Son 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite as 40 propostas de resolución unha vez reformulada a proposta de resolución número 33 (documento número 38519).

B) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (documento número 38504). Son 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite 40 propostas de resolución.

C) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario de En Marea (documento número 38505). Son 40 propostas de resolución presentadas:

a) Admítense a trámite as propostas de resolución 1 á 38 e a 40, unha vez reformulada a proposta de resolución número 2 (documento número 38518).

b) En relación coa número 39 concedéuselle ao grupo parlamentario un prazo que rematou ás 12:45 horas para que procedese á reformulación da proposta, dado que a súa parte resolutiva está enunciada en termos xerais, polo que non semella acorde co seu título —“Explosión material pirotécnico Paramos (Tui)” —, que ten carácter local.

No escrito de reformulación (documento número 38518) presentou a redacción seguinte: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a indemnizar as persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico en Paramos (Tui) que perderon as súas vivendas habituais ou segundas residencias polo importe íntegro do valor da súa reconstrución, e incluír as deducións fiscais autonómicas comprometidas no proxecto de lei de orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o ano 2019”.

Resulta evidente que se trata dunha proposta de índole local, ao afectar a unha localización xeográfica concreta —Paramos (Tui)—, motivo polo que non se adecúa ao disposto no artigo

141 bis).4 do Regulamento e aos criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 18 de setembro de 2018, logo da audiencia á Xunta de Portavoces, no sentido de que as propostas de resolución deben referirse ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta. Estes criterios fóronlles comunicados a todos os grupos parlamentarios para o seu coñecemento o 20 de setembro de 2018 (documento número 11102). Xa que logo, a Mesa acorda non admitir a trámite a proposta orixinaria número 39 nin a súa reformulación polo motivo regulamentario antes indicado.

c) Fanse de oficio as correccións técnicas que se indican a continuación na proposta de resolución número 15. Onde di: “acorda dirixirse ao Parlamento Europeo” e “insta o Goberno do Estado”, debe dicir: “acorda dirixirse á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Parlamento Europeo” e “insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado”, respectivamente.

d) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia (documento número 38511). Son 40 propostas de resolución presentadas:

1) Admítense a trámite as 40 propostas de resolución.

2) Fanse de oficio as correccións técnicas que se indican a continuación nas propostas de resolución seguintes:

—Na proposta de resolución número 15, onde di: “elaboración dunha nova lei”, debe dicir: “elaboración dun proxecto de lei”.

—Na proposta de resolución número 30, onde di: “elaboración dunha lei”, debe dicir: “elaboración dun proxecto de lei”.>

<<Acordo sobre as propostas de transacción e peticións de votacións separadas de propostas de resolución:

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 11 de outubro de 2018, logo de examinadas as propostas de transacción e as peticións de votacións separadas de propostas de resolución, tendo en conta os citados criterios, adoptou o seguinte acordo:

1º Tomar coñecemento das propostas de transacción e das peticións de votacións separadas seguintes:

a) Propostas de resolución transaccionadas:

1.— (38537 e corrección de erros no 38567) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 34 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

2.— (38538) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 37 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

3.— (38540) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 25 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

4.— (38541) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 26 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

5.— (38542) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 27 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

6.— (38543) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 36 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

7.— (38544) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 40 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

8.— (38545) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 29 do Grupo Parlamentario de En Marea.

9.— (38546) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 32 do Grupo Parlamentario de En Marea.

10.— (38547) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 6 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

11.— (38548) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 8 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

12.— (38549) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 14 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

13.— (38550) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 23 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

14.— (38551) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 38 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

15.— (38552) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 39 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, coa incorporación da corrección técnica consistente en iniciar o texto resolutivo nestes termos: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a...”.

16.— (38553) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario de En Marea.

17.— (38554) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 26 do Grupo Parlamentario de En Marea.

18.— (38555) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 34 do Grupo Parlamentario de En Marea.

19.— (38556) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario de En Marea sobre a proposta de resolución número 36 do Grupo Parlamentario de En Marea, coa corrección técnica consistente en suprimir a frase que antecede a “...o Parlamento de Galicia insta...”.

20.— (38557) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 4 do Grupo Parlamentario Popular e a número 36 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

21.— (38558) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 5 do Grupo Parlamentario Popular.

22.— (38559) Proposta de resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 6 do Grupo Parlamentario Popular.

23.— (38565, rexistrada ás 09:30 horas do día 11 de outubro de 2018) No escrito co número de rexistro 38565, os portavoces do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia advirten un erro no documento 38560 e solicítase que se substitúa por unha proposta de resolución resultante da transacción entre os citados grupos verbo da proposta número 20 do Grupo Popular de Galicia. Porén, a Mesa, logo de analizado o seu contido e contrastado co contido da formulada no documento 38560, considera

que non é unha corrección de erros, senón unha nova proposta presentada fóra do prazo establecido nos criterios de ordenación aprobados pola Mesa. Oída a Xunta de Portavoces do 18 de setembro de 2018, logo da petición de reconsideración formulada polos citados grupos parlamentarios e reunida a Xunta de Portavoces, a Mesa admite a reconsideración e, consecuentemente, admite a trámite o documento 38565.

b) Solicitudes de agrupacións e votacións separadas das propostas de resolución:

1. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego:

1º. Proposta de resolución número 8.

2º. Propostas de resolución números 2 e 4.

3º. Propostas de resolución números 2 e 25.

4º. Propostas de resolución número 1, 5, 13 e 39.

5º. Propostas de resolución números 6, 7, 9, 12, 18, 19, 30, 31, 32, 33, 35, 38 e 40.

6º. Propostas de resolución números 3, 10, 11, 14, 15, 16, 17, 20, 21, 23, 24, 26, 27, 28, 29 e 36.

2. Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

1º. Proposta de resolución número 16.

2º. Proposta de resolución número 34.

3º. Propostas de resolución números 3, 7 e 29.

4º. Propostas de resolución números 1, 2, 4, 5, 9, 10, 11, 12, 13, 15, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 24, 28, 30, 31, 32, 33, 35 e 37.

3. Grupo Parlamentario de En Marea.

1º. Proposta de resolución número 2.

2º. Proposta de resolución número 4.

3º. Proposta de resolución número 40.

4º. Propostas de resolución números 5 e 35.

5º. Propostas de resolución números 19, 25 e 38.

6º. Propostas de resolución números 3, 9, 10, 11, 33 e 37.

7º. Propostas de resolución números 6, 7, 8, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 20, 21, 22, 23, 24, 27, 28, 30 e 31.

4. Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

1º. Proposta de resolución número 7.

2º. Proposta de resolución número 28.

3º. Propostas de resolución número 34.

4º. Propostas de resolución número 37.

5º. Propostas de resolución números 3, 8, 27 e 33.

6º. Propostas de resolución números 13, 14, 16 e 38.

7º. Propostas de resolución números 1, 9, 10, 15, 17, 18, 20, 21, 30 e 40.

8º. Propostas de resolución números 2, 11, 12, 19, 22, 23, 24, 25, 26, 29, 31, 32, 35, 36 e 39.

2º. As propostas de transacción implican o decaemento das propostas de resolución sobre as que se transacciona, polo que estas non se someterán a votación.

3º. Someterase a votación a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.>>

Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, secretaria.

Debate das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Comezamos, polo tanto, coa rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das propostas de resolución.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas e a todos.

Señorías, teño que comezar confesándolles que me gustaría poder subir a esta tribuna co convencemento de que o final do debate non está escrito, que este debate non vai ser a crónica dun rodillo anunciado.

Gustaríame poder subir a esta tribuna —e créanme que o digo de verdade— convencida de que na bancada do Partido Popular hai suficiente talante e suficiente modestia como para

recoñecer que o Bloque Nacionalista Galego presenta un paquete de medidas, de propostas de resolución, que benefician o conxunto das galegas e dos galegos.

Porque díganme, sinceramente, señorías do Partido Popular: ¿beneficia ou non a este país incrementar en cen euros as pensións máis baixas que soportan 40.000 persoas no noso país, a maioría delas, mulleres? (*Aplausos.*) ¿Beneficia ou non crear 8.000 prazas en escolas infantís para que as familias poidan realmente conciliar? ¿Beneficia ou non que reclamemos ao Estado español os 186 millóns de euros que debe a este país en materia de dependencia? (*Aplausos.*) ¿Beneficia ou non, señorías, destinar 90 millóns de euros á loita contra a violencia machista? (*Aplausos.*) ¿Beneficia ou non beneficia ás traballadoras e aos traballadores deste país ter unha tarifa eléctrica que abarate o recibo da luz todos os meses? (*Aplausos.*)

Porque exactamente disto van as corenta propostas de resolución que presenta o BNG; corenta propostas de resolución que respiran confianza no país, corenta propostas anticonformistas. Porque non nos resignamos ao mesmo de sempre. Para Galiza e para a xente deste país desde o BNG querémolo todo, querémolo todo e estamos fartas —créanme— de agardar.

As corenta propostas do BNG buscan darlle a Galiza máis poder económico e máis poder político, porque sabemos que son as mellores ferramentas para conseguir mellorar a vida dos galegos e das galegas. ¿Imaxinan algún goberno que, podendo ter máis poder político e máis ferramentas económicas, diga que non? Sería absurdo.

Para conseguilo, o BNG fai as seguintes propostas. Algunhas das máis importantes intentarei explicarllelas e debullalas un pouco máis polo miúdo hoxe nesta intervención.

A respecto do poder económico propoñemos un novo sistema de financiamento xusto para este país, que lle permita ter a chave dos seus cartos. En concreto, un concerto económico que permita a xestión do cen por cento dos nosos recursos. Non é de recibo que Madrid faga caixa en Galiza, que leve 3.500 millóns de euros máis do que recibe. Con ese diñeiro poderíamos blindar os servizos públicos, incrementar as pensións ou apoiar os sectores produtivos deste país facilitando a creación de emprego.

É fácil de entender, é fácil. Galiza ten dereito a xestionar os seus recursos. E só un goberno acomplegado renunciaría a este dereito co falso argumento de que non podemos valernos por nós mesmas. Ese novo modelo económico ten que vir acompañado dunha banca pública que sexa motor financeiro do tecido produtivo deste país e alternativa real ao modelo especulativo. Mais tamén debe vir acompañado dunha política fiscal para redistribuír a riqueza e poñer fin á desigualdade, no que se cumpra o principio básico de que pague máis quen máis ten.

Dicía ao comezo que propoñemos unha tarifa eléctrica galega e unha política enerxética, o que supón tamén gañar poder económico a favor das familias e das empresas deste país. Miren, só nos últimos meses, só nos últimos meses de 2018, a factura da luz incrementouse para unha familia media deste país case o 15 % en relación co ano pasado. Imaxinen o que

supón isto para calquera familia media deste país. Pero agora fagan un exercicio máis: imaxinen o que supón isto para calquera empresa. E non lles falo só de Alcoa, imaxinen o que supón isto, un 15 % máis no recibo da luz, para as 8.000 explotacións de leite que hai na Galiza. Muxir necesita enerxía, arrefriar o leite necesita enerxía. Imaxinen o que supón para unha persoa autónoma. Voulles poñer un exemplo con nome e apelidos, unha persoa real, de carne e óso: Antonio, veterinario, que ten un local de 100 metros cadrados, cunha potencia contratada de 4,6 quilovatios e un consumo anual de 10.900. No ano 2016 pagou 1.300 euros; no 2017, case 1.600; e no que levamos de ano, e ao ritmo que vai, vai preto dos 1.900, e subindo.

Miren, déixenme que lles lea algo: «*Sánchez rebaja la tarifa eléctrica a la industria vasca. Hace efectivo el acuerdo presupuestario entre Rajoy y el PNV, que beneficia a unas ochocientas empresas. El Gobierno vasco saluda el paso*». Non volvan co conto de que non é posible. (*Aplausos.*) Non volvan co conto de que non é posible. ¿Saben o que significa iso, que non é outra cousa que facer real, efectivo e publicar no *Boletín Oficial del Estado* un acordo presupostario adoptado entre o PNV e Mariano Rajoy —que era do Partido Popular, por se hai algunha persoa despistada—? ¿Saben o que significa isto? Non ser irrelevante, ter peso político, mais, sobre todo, significa defender os intereses sociais e económicos do teu país. ¿Por que Galiza non pode beneficiarse da súa condición de produtora enerxética? ¿Por que?

Desde o BNG non só defendemos esa tarifa eléctrica que compense o carácter produtor de Galiza en materia enerxética, senón tamén unha política que sitúe este ben fundamental, este ben básico, ao servizo das traballadoras e dos traballadores deste país. Defendemos que se reduza ao mínimo, ao 4 %, o IVE que grava a enerxía e que sexa o Estado quen asuma os custos dos suplementos territoriais, de non prosperar os recursos legais nesta materia.

No que se refire a conseguir máis poder político, a proposta do BNG é clara, é diáfana e, ademais, é coñecida: abrir neste Parlamento unha ponencia para conseguir un novo marco político que nos recoñeza como o que somos, unha nación con dereito a decidir libre e democraticamente o noso futuro en todos os planos da nosa vida; deixar atrás as estreiteces do autonomismo, falar sen complexos, sen tabús, sen corsés, sen marcos, de todo. Precisamos novos instrumentos para facer fronte aos retos do século XXI; os presentes, os que xa temos aquí, pero tamén os futuros. E para percorrer ese camiño non serve o mesmo traxe de 1978 nin de 1981.

Máis poder político é tamén defender unha axenda galega diante do Estado, governe quen governe. Nesa axenda a nosa proposta inclúe a transferencia da AP-9; Ence fóra da ría; a devolución do pazo de Meirás, sen máis escusas e sen máis dilacións; e investimentos, investimentos para conseguir un tren de proximidade do século XXI que atenda as necesidades de vertebración social e territorial do noso país.

Os problemas de Galiza non empezan nin rematan na alta velocidade, cando temos as vías sen electrificar en Lugo no ano 2018. ¿De que intermodal nos falan? E para meter ¿que trens? ¿Que hai do Feve? ¿Que hai do tren de cercanías entre A Coruña e Ferrol? Hai moito país, señorías, deste lado do Padornelo.

Desde o BNG cremos, e dígollelo sinceramente, que outra Galiza é posible, pero para iso precisamos un novo modelo produtivo. É unha necidade facer o mesmo unha e outra vez esperando obter resultados diferentes.

Para empezar, propoñemos volcar os esforzos na I+D+i, literalmente. Non pode ser que Galiza estea á cola nun aspecto chave para o noso futuro. Está en xogo o modelo de país que queremos ser, e o Goberno do señor Feijóo non inviste nin o un por cento do produto interior bruto, é unha irresponsabilidade.

O BNG trae como medida concreta investir en I+D+i o equivalente ao 2,5 % do interior bruto no Horizonte 2020; hai que ser ambiciosas neste asunto, porque é crucial.

Ao mesmo tempo, propoñemos un plan de consolidación da carreira investigadora, temos que mimar o talento, pero o talento deste país míimase garantindo condicións laborais dignas para as investigadoras e investigadores galegos, para a produción de coñecemento.

A outra pata dese modelo produtivo que propoñemos pasa por pechar os ciclos produtivos no país. É vital xerar valor engadido, porque é onde está a riqueza; non podemos resignarnos a que Galiza sexa unha mera fornecedora de materias primas para transformar fóra do noso país. Impulsar o desenvolvemento industrial apostando pola modernización dos sectores produtivos, mais tamén na captación de novos ámbitos, con incentivos que estean ligados á fixación de emprego e ao reinvestimento no propio país.

E si, si, apostando pola participación pública naqueles sectores estratéxicos para a economía como forma para conseguir un desenvolvemento que aproveite e aposte nas enormes potencialidades que ten este país.

Señorías, outra Galiza é posible, tamén, en termos de benestar e de igualdade. Por iso, propoñemos, en primeiro lugar, ollar para os milleiros de persoas que se atopan en risco de exclusión no noso país, como as 40.000 que teñen unha pensión de 370 euros ao mes, ¡370 euros ao mes!

É urxente, pero sobre todo é posible, suavizar, en parte, esta situación cunha subida de cen euros ao mes para estas pensións non contributivas aproveitando o complemento autonómico. Só representaría 40 millóns de euros nun orzamento que, se atendemos aos anuncios que coñeciamos onte, ascenderá a 9.800 millóns de euros en 2019.

En segundo lugar, propoñemos reformular a Risga. Volvemos escoitar por enésima vez que se vai aprobar o novo decreto da Risga, que chega con catro anos de atraso. Pero o que cremos, desde o BNG, é que hai que camiñar cara a un sistema distinto e a nosa proposta nesta materia é clara, hai que transformar a Risga nun salario de inclusión social e laboral que garanta o dereito a subsistir e cuxo importe sexa o equivalente ao salario mínimo.

En terceiro lugar, destinar 90 millóns de euros contra a violencia machista. Pedimos un euro, un euro de cada cen dos orzamentos. Espero que ao Partido Popular non lle pareza excesivo un euro de cada cen. Non se pode abordar a loita contra a violencia de xénero sen recursos.

Non se pode abordar a loita contra a violencia machista con proposta e sen financiamento, con meros acordos de cara á galería, simplemente para quedar ben ou lavar algunha conciencia.

O 8 de marzo as mulleres deste país dixeron alto e claro que están fartas, fartas de brindes ao sol, que queren compromisos reais, e iso, señorías, demostrase poñendo recursos enriba da mesa. (*Aplausos.*)

Este debate sobre o estado da nación non debería concluír sen un acordo para reverter os recortes do Partido Popular nos servizos públicos. Saian, señorías, da súa realidade paralela, porque resulta ofensivo —e mesmo obsceno— dicirlles aos galegos e ás galegas que a sanidade e a educación están mellor ca nunca. Por iso propoñemos un plan de mellora da atención primaria, a máis damnificada polos recortes pese a ser a porta de entrada do sistema. Son 2.000 millóns de euros menos desde que o señor Feijóo se instalou en Montepío.

Os recortes matan, os recortes matan, señorías, vímolos cos doentes da Hepatite C, vímolos coa traxedia do PAC da Estrada e vímolos nos 100.000 doentes que non toman os medicamentos que precisan porque non poden pagalos. E as consecuencias do proceso de privatización están á vista, especialmente na área sanitaria de Vigo. Despois de ver como se triplicaba o custo do hospital Álvaro Cunqueiro, temos o caso Povisa, unha empresa privada que ten tomados como reféns traballadores e doentes, resultado de facer da saúde un negocio.

Neste caso, o primeiro que necesitamos —e así o defendemos e o propoñemos nas propostas de resolución desde o BNG— é transparencia, claridade, luz e taquígrafos. Por iso propoñemos facer unha auditoría para esclarecer as contas pouco claras de Povisa co Sergas, e, por suposto, garantir a asistencia de todos os doentes e a estabilidade laboral do cadro de persoal, sen que iso supoña —en ningún caso— ceder a ningún tipo de chantaxe por parte da empresa.

En educación tamén é urxente darlle a volta aos recortes do Partido Popular. Defendemos un ensino público e de calidade. A proposta do BNG é triplicar a contía das bolsas de axuda ao estudo universitario, que ninguén deixe de ir á universidade por falta de recursos. E iso vai máis alá de conxelar as taxas da matrícula. As familias precisan axudas e recursos para pagar a manutención, para pagar os pisos, para pagar o transporte.

Falaba o presidente da Xunta, neste mesmo debate da nación —non era a primeira vez que o escoitabamos—, que era necesario conseguir a excelencia universitaria, pero non se pode exixir excelencia a unha universidade infrafinanciada, como denuncian os reitores das tres universidades galegas. ¿Van apoiar a proposta do BNG de dotar con 30 millóns de euros adicionais o Plan de financiamento do sistema universitario galego? E, por suposto, non se pode exixir excelencia mentres se taponan a contratación de profesorado e se manteñen condicións absolutamente precarias. Demostren, señorías, que están e apostan pola excelencia.

O benestar dun país non se mide só polos seus servizos públicos, tamén se mide pola calidade da súa democracia, polo respecto dos dereitos da súa cidadanía; ese é o convencemento do BNG.

Por iso traemos a esta cámara propostas contra os ventos de involución que sopran desde a dereita, desde as dereitas, que sopran desde as estruturas dun estado en crise, atravesado pola corrupción e que se nega recoñecer a realidade dos pobos e das nacións.

Para empezar, enviemos ao baúl da historia esa institución anacrónica e antidemocrática que é a monarquía. (*Aplausos.*) En democracia, señorías, os cargos de representación pública elíxense en votación. Unha xefatura do Estado, herdeira do franquismo, con carácter vitalicio e hereditario por razón de sangue, é o contrario a calquera principio democrático; non se sostén. Como tampouco se sostén que no século XXI haxa persoas que, entre outras moitas cousas, están á marxe da lei, nin Juan Carlos I nin o seu herdeiro Felipe VI poden estar á marxe da lei. (*Aplausos.*)

Propoñemos que se investiguen o patrimonio da Casa Real e as denuncias por presunta corrupción do rei emérito. Mais tamén defendemos desde o BNG que esta cámara —que é o Parlamento galego, onde reside a soberanía, aínda que sexa parcialmente, do noso país— se posicione claramente en contra da corrupción xeneralizada, da falta de independencia e do talante reaccionario e machista do poder xudicial, do uso da fiscalía como terminal do goberno, das cloacas do Estado e do uso do Código penal para perseguir a discrepancia política. (*Aplausos.*)

Igualmente, unha sociedade libre precisa de medios de comunicación públicos e medios de comunicación libres. Temos unha radio e unha televisión de Galiza que funcionan como aparato de propaganda do Partido Popular e de exaltación, alén do máis, do presidente. Hai que devolver a radio e a televisión públicas aos seus verdadeiros propietarios, ás galegas e aos galegos, e o primeiro paso é acabar cos nomeamentos a dedo. Propoñemos elixir a dirección da radio e da televisións públicas a través dun concurso público, de méritos, no que prime a capacidade e a profesionalidade. A súa dedocracia está fóra da lei.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: O cadro do persoal da CRTVG leva meses mobilizándose nos venres negros, nunca antes —en trinta e cinco anos da historia da corporación— acontecera algo semellante. Que este parlamento non sexa alleo ás súas demandas e defenda o seu dereito a facer un xornalismo veraz, independente, profesional e obxectivo. Calidade democrática tamén é velar, respectar e garantir os dereitos lingüísticos de calquera pobo.

Que dicir do estado da democracia nunha sociedade na que non se garante o dereito a vivir na lingua propia deste país. E ese é o resultado da normativa antigalega imposta polo Partido Popular. Hai que derrogar o mal chamado decreto do plurilingüismo, que converteu a escola (*Aplausos.*) nun axente desgaleguizador, e non o digo eu, senón que o di a Real Academia Galega. Recuperemos os acordos que se teceron neste parlamento no ano 2004 e apliquemos o que pon literalmente o Plan xeral de normalización lingüística.

Señorías, quero pechar a defensa das propostas do BNG reivindicando o dereito do pobo galego a coñecer e valorar non só a súa lingua, senón tamén a súa historia, o dereito a sentirse orgullosas daquelas persoas que fixeron posible que hoxe esteamos neste parlamento, que

fixeron que hoxe eu poida estar nesta tribuna, persoas convertidas en referentes, como Castelao, que ocupou unha parte importante do debate do estado da nación.

Na súa memoria propoñemos que a Xunta faga as xestións necesarias para a adquisición de *A derradeira lección do mestre*; non é a primeira vez que isto se propón aquí. Como primeiro paso para a divulgación de toda a súa obra sen ocultacións, sen manipulacións. É unha obriga que temos con Castelao, con Alexandre Bóveda, retratado en *A derradeira lección do mestre*, e con todos os homes e mulleres, galeguistas e nacionalistas que nos trouxeron até aquí.

Estas son algunhas das corenta propostas que formula o BNG, corenta propostas que piden que teñamos ambición como país, que non nos conformemos co que hai, que rachemos coa resignación e autocompracencia de que vivimos no mellor dos mundos posibles.

Alguén dicía o martes que non eran utópicos. Nós reivindicamos a utopía, señorías, porque a utopía é o horizonte e, como dicía Galeano, é o que nos permite camiñar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día a todos os deputados e deputadas.

Este debate debería ser un debate para, fundamentalmente, chegar a acordos, porque niso consiste a política, a política é diálogo e capacidade de acordos para solucionar os problemas das persoas.

Hoxe mesmo, en Madrid acábbase de chegar a un acordo sobre os orzamentos entre o Goberno, entre o Partido Socialista e o partido de Podemos, e iso é acordo e iso é diálogo. Pero se vostedes repasan —cando votemos— as nosas votacións, é que o PSdeG de vinte e tres transaccións vai votar a favor —porque está nas transaccións— de vinte e unha, é dicir, o Grupo Parlamentario Socialista está nun 91 % no diálogo desta cámara, e niso consiste a política, (*Aplausos.*) con todos os grupos.

O outro día na rolda de prensa sobre as propostas de resolución dicíamos, eu dicíalle ao presidente Feijóo, que aínda que non ten tempo para ver a Televisión de Galicia, que estaría moi ben que vise unha curtametraxe que gañou o Goya á curta mellor animación no ano 2013, é de Jaime Maestro, e chámase *O vendedor de fume*. É a historia dun vendedor ambulante que chega a unha aldea e vai vendendo unha idea, unha nova experiencia. Ninguén o cre salvo un neno, e o neno que o cre convence os demais, ata que chega un momento en que todos se dan conta de que o único que se vende é fume.

O outro día o discurso foi fume, foi: somos felices, vivimos nun mundo ideal... Pero cando un chega á realidade, é que esta realidade é un fondo baleiro, chego de enganos e de fugacidade, e tanto é así que se nos intentou convencer de que o cambio de goberno fora para respostar a novos retos e renovar esforzos.

O propio Miguel Tellado, o deputado Miguel Tellado, que podería ser ese neno que na aldea intenta convencer os demais da vivencia dun mundo ideal e dunha nova experiencia —metaforicamente, é evidente —, así o dixo, dixo que estabamos ante un goberno consolidado e sólido.

Claro, esqueceron dicir que todo se fixera para que ás eleccións municipais de Ferrol e da Coruña fosen dous ex-conselleiros de Política Social, un ex-conselleiro e unha ex-conselleira, e ademais ex-conselleira de Medio Ambiente, e tamén como se non fose, porque a actual conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, fixo unha xestión tan nefasta dos incendios do ano 2017 que —para evitar que se chamuscase aínda máis— o presidente a sacou do lume do Medio Rural e a meteu —desgraciadamente para algúns— en Medio Ambiente.

Curiosamente, o presidente non dixo nin unha soa palabra dos incendios de outubro de 2017, nin unha soa. Só falou de Mondariz, moi por riba, non dixo nada de Ortigueira, da Gudiña, de Redondela e do Xurés, que estivo ardendo varios días e aquí non se dixo absolutamente nada.

Tanto fume había, que ata o presidente Feijóo nos prometeu o que xa prometera no debate do estado de Autonomía do ano 2017, e vou poñer exemplos: Lei do patrimonio natural, Plan director dos ríos, Plan de saneamento local da ría de Pontevedra, Pacto local pola auga, Estratexia de cambio climático, Estratexia da economía circular, Lei de residuos, ampliación de Sogama, novos xulgados de Tui.

E tanto fume había aquel día que ata prometeu dezasete novos centros de saúde. Curiosamente só citou o de Lugo —quizais fose porque o candidato á Alcaldía de Lugo estaba no público—. E esqueceu dicir que cando foi candidato ás eleccións autonómicas do ano 2017 prometera sesenta e dous centros de saúde, e ata agora non temos nin vinte novos. Iso tamén lle esqueceu.

E tanto, tanto, tanto fume había que ata prometeu que en 2019 se licitaría a primeira fase das obras do Hospital Montecelo. Pero claro, un recibe esta resposta do 20 de setembro que manda o Goberno e di que o único que hai en outubro de 2018 é un plan funcional. Faltan a fase de elaboración, tramitación e aprobación do proxecto sectorial de incidencia municipal; a licitación e redacción do proxecto de execución; a xestión de expropiación dos terreos; o proxecto de execución aprobado; a expropiación dos terreos; e, despois, a licitación da obra.

A verdade é que é difícil que se prometa, e sobre todo é moi difícil prometerlo cando nas propostas de resolución do Partido Popular o hospital de Pontevedra non aparece. Só curiosamente aparece o da Coruña —quizais fose porque a ex-conselleira de Política Social e ex-conselleira de Medio Ambiente sexa a candidata—. Polo tanto, non hai proposta de resolución sobre o hospital de Montecelo, ademais de que o que se dixo era mentira.

Quizás é que non houbese tanto, tanto fume, e ao mellor o que había era *nieve*, ¡quen sabe!
(Aplausos.)

Nós vivimos na realidade, e no Grupo Parlamentario Socialista estamos moi preocupados pola realidade de Galicia, e por iso rexistramos... (*Murmurios.*) Presidente, a min gustaríame que nalgún momento cesase o runrún. Non me importa, quero dicir, se vostedes queren seguir eu non teño ningún problema en seguir falando, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) dáme igual, pero estaría ben que se respectasen un pouco as intervencións, por iso do diálogo e de que nós estamos no 91 % das transaccións desta Cámara e estamos abertos a escoitar a todos.

Estas son as corenta propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista, que nos conectan coa realidade do país e que están destinadas a mellorar a vida das galegas e dos galegos, a impulsar unha Galicia moderna e sustentable ambientalmente e a acadar máis democracia e máis autogoberno.

Coas nosas propostas para mellorar a vida das galegas e dos galegos manifestamos que estamos moi preocupados pola calidade dos servizos públicos. Non é necesario que mencione o falecido no PAC da Estrada no mes de agosto, porque está na conciencia e na cabeza de todos os que estamos aquí.

Na Estrada goberna o Partido Popular, pero é que hai centros de saúde en concellos gobernados polo Partido Popular con maiorías absolutísimas, como Soutomaior, Cerdedo-Cotobade ou A Lama —falo dos de Pontevedra, porque os coñezo ben—, nos que os seus alcaldes reivindicán a mellora dos seus centros de saúde e máis pediatras e máis persoal para os seus centros de saúde.

É verdade que o fan coa boca pequena, pero fano. Iso quere dicir que se os seus propios alcaldes din que é necesaria unha mellora, ¡que non dirán os demais! Non é que nós nos inventemos nada, nós non vendemos fume, é que os seus propios alcaldes lles están dicindo que se necesitan.

Por iso nas nosas propostas pedimos un plan estratéxico de estabilidade e contratación no Sergas no primeiro semestre de 2019, porque non é verdade que haxa 1.544 contratados máis que no ano 2008, porque se é así lles estamos pagando a menos. É dicir, a eses 1.544 non sabemos como se lles paga, porque non aparecen nos orzamentos. Quizais se lles paga con caixa B, como di a sentenza da Gürtel, porque de verdade que non o entendemos, porque non están orzados.

Pedimos un mínimo de vinte centros de saúde co horizonte do ano 2020, novos. Ademais, engadimos unha partida mínima de dez millóns de euros para estes centros de saúde. Non vendemos fume, vendemos a petición, queremos a petición de centros e, ademais, con orzamentos.

En educación. Non sei se saben que dende hai bastantes anos en Dena os nenos dun dos colexios comen nun contedor de obra, e agora, como ese modelo parece ser que é un modelo

que será moi europeo, quizais os de Salceda de Caselas tamén van comer nun contedor de obra, sen auga, sen luz. Pois nós queremos que haxa xa un plan de mantemento, e vostede sábeo ben, ex-conselleiro de Educación, sábeo moi ben. Vivimos en Galicia de momento, ¡de momento! Se vostede quere debater en Andalucía, vaia ao parlamento e preséntese alí ás eleccións a ver se sae como deputado. *(Aplausos.)*

Pedimos un plan de mantemento de edificios escolares, e non vou falar dos teitos de amianto dos colexios, por exemplo, que vostedes, ademais, recoñecen, pero que non queren abordar.

Pedimos a gratuidade da primeira matrícula en todos os graos nun prazo de catro anos, com- pensando as universidades, e non suporía un custo de máis de trinta millóns de euros para a Xunta de Galicia. Polo tanto, os nosos orzamentos pódono afrontar perfectísimamente, e as fam- ilias e os estudantes agradecerían —sobre todo pensando no seu futuro— que votasen a favor.

E en xustiza pedimos novas oficinas xudicial e fiscal nas sete cidades antes de que remate a lexislatura, que a sede xudicial electrónica sexa de verdade e que se acelere o plan de in- fraestruturas xudiciais. Curiosamente, vostedes van transaccionar con nós esa opción, e iso quere dicir que non pedimos nada estraño nin vendemos fume dende que estamos aí.

Estamos moi preocupados polo emprego de calidade, estamos por debaixo da media estatal en creación de emprego, e ademais o emprego que creamos é precario. O Igape está paralizado, non hai formación nos traballadores, non hai traballadores especializados no naval, hai falta de traballadores especializados, e estamos moi preocupados polo traballo para as mulleres, ¡es- pecialmente preocupados! Por cada catro mulleres con contratos a tempo parcial hai un home. Estamos preocupados, porque iso quere dicir precariedade, e a fenda salarial supera o 20 %.

Pedimos que nos consellos de administración, nos sitios onde se toman as decisións de ver- dade, haxa, como mínimo, un 40 % de mulleres, non que sexamos as que fagamos os tra- ballos de «chachas para todo», como dixo nestes días o alcalde de Vilanova de Arousa, se non que nós non volvamos levar cofia e que, ademais, tomemos as decisións exactamente igual que os homes. *(Aplausos.)*

E reivindicamos o diálogo social, pero que se impulse no prazo de tres meses, que se mello- ren as condicións de traballo, porque ten que ser un traballo non precario, e que se aumente a estabilidade laboral.

Estamos preocupados pola mocidade, polo traballo para a mocidade, polo desemprego xu- venil e o relevo xeracional. En pesca, por exemplo, o sector da pesca está dicindo que o relevo xeracional é imprescindible. Estamos preocupados e propomos que se potencie o relevo xe- racional na pesca.

E logo están as familias que teñen menores ao seu cargo, persoas dependentes, persoas dis- capacitadas e pensionistas.

Voten vostedes a favor das nosas iniciativas que piden que se impulse a rede de escolas in- fantís públicas de cero a tres anos.

Incrementen de maneira permanente o persoal dos equipos de valoración da discapacidade, que en toda Galicia están escasísimos. Son escasos, tan escasos que un neno ou unha nena que pida a discapacidade para que lle dean a tarxeta, e que polo tanto na escola se lle recoñeza a súa discapacidade, en Pontevedra ten que esperar de maneira prioritaria un ano a que lla recoñezan. E iso deberíanos avergoñar como deputados e como deputadas.

E pedimos que se promova que o aumento das pensións se faga como se está proponendo no Goberno de España, con arreglo á variación do IPC.

Coas nosas propostas para impulsar unha Galicia moderna e sustentable ambientalmente, queremos incidir, sobre todo, en infraestruturas. Voulles dar un dato: imos chegar a un acordo en parte do transporte. O ano 2017 foi o ano no que houbo menos accidentes de tráfico en Galicia, pero foi un fito histórico, nunca houbera unha cifra tan baixa. Pero este ano, xa en outubro, imos por riba do número de persoas mortas no ano 2017. E a situación das estradas, a mala situación das estradas, algo terá que ver con iso.

E, sobre todo, a falta de execución do Plan MOVE tamén algo terá que ver con iso, porque vostedes só executaron o 40 %, o outro 60 % non sabemos onde está; dende logo, sen executar. Nós pedimos compromisos orzamentarios e prazos de execución.

Pedimos, tamén, que aproben un plan director de estradas de Galicia no próximo semestre, tamén con compromisos orzamentarios e prazos de execución. E como dixo o outro día o presidente Feijóo que están moi preocupados por reducir as emisións de CO₂ —lórico, porque imos moi mal—, pois aproben un plan director de mobilidade alternativa para Galicia, que o ex-conselleiro tamén de Medio Ambiente e *valedor dos ríos de Galicia* dixo no ano 2010-2011 que xa o tiña para sacar.

E, por suposto, seguimos pedindo a transferencia da AP-9, de acordo co proxecto de lei que se aprobou aquí por unanimidade. E hai algo que hai que dicir: o Goberno do Partido Socialista levantou o veto que o Partido Popular e Ana Pastor, na Mesa, tiveron respecto á transferencia da AP-9 cando Mariano Rajoy era presidente do Goberno. (*Aplausos.*)

E porque necesitamos unha Galicia sustentable ambientalmente, queremos o plan forestal no prazo dun mes. Queremos velo para poder negocialo e que se constituía a comisión de expertos para que entre en funcionamento antes da campaña de incendios, para que non se repita o do ano pasado, os incendios de outubro do ano pasado, nin o do Xurés, nin o da Guña, nin o de Mondariz deste ano, e porque xa vai comezar o inverno, pero espéranos outubro e novembro moi secos, segundo as predicións meteorolóxicas.

Nós amosamos que temos capacidade de diálogo, e de feito fomos á Comisión de Política Forestal e negociamos e votamos a favor do que se nos propuxo, porque cremos, efectivamente, no diálogo, e porque cremos que os lumes son un problema de país. Vostedes saían *cunha manguerita de jardín e zapatos castellanos* (*Aplausos.*) amosando o seu diálogo.

En medio ambiente pedimos plans de xestións para o parque nacional e para os parques naturais, un informe sobre transición hidrolóxica, que a pegada de carbono —por iso que es-

tamos preocupados polo CO₂— vaia na contratación pública, que haxa campañas de sensibilización polos usos dos plásticos ou que se modifique a normativa de xestión de residuos industriais. Imos chegar a un acordo, porque chegamos a unha transacción sobre isto que se pide, precisamente, dende o Grupo Parlamentario Socialista.

E voume parar na xestión de residuos industriais. Menos mal que despois de debater —lástima que non estea aquí a deputada Paula Prado—, despois de votar en contra en comisión do que pediamos dende o Grupo Parlamentario Socialista, porque en Casalonga, en Teo, hai un problema —¡había e vai seguir habendo un problema!— sobre os residuos industriais e, unha planta, un vertedoiro, por fin vostedes recoñecen que efectivamente é así e votan a favor. O día que se debateu era o día que cambiaba a conselleira e era un día moi complicado, polo visto, porque ninguén collía o teléfono na consellería para chegar a un acordo.

E as nosas propostas van destinadas a acadar máis democracia e máis autogoberno. ¿Por que non a visita gratuíta ao Pórtico da Gloria e a todos os BIC da Igrexa católica nos que se investiron fondos públicos? ¿Por que non? ¿Por que non podemos desfrutar todos do Pórtico da Gloria sen pagar e lle temos que pagar un plus á Igrexa católica? ¿Por que mantemos a memoria histórica?

E nós pedímoslle ao Goberno de España que acelere o informe xurídico para reclamar que chegue o patrimonio público e a titularidade do pazo de Meirás para Galicia.

E hai que falar da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, necesariamente, e deses venres negros que nos teñen abochornados. Que, por certo, alguén lle pode contar ao presidente da Xunta —que non a ve— que seguen os de informativos da Televisión de Galicia cos venres negros, pero que na Televisión Española xa non hai, xa ninguén vai aos venres negros. (*Murmurios.*) ¡É necesario e iso chámase de-mo-cra-cia! (*Murmurios.*)

E simplemente porque a democracia é cumprir a lei, ¿verdade, conselleira de Pesca? Iso é a democracia, a legalidade, iso é a democracia. E vostedes non a cumpren, non cumpren a Lei do ano 2011, (*Murmurios.*) polo tanto, é difícil falar de democracia. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: E tamén porque queremos máis autogoberno, queremos máis transparencia. Vostedes non acadaron nin unha soa no tempo en que Mariano Rajoy foi presidente do Goberno, nin unha. ¡Seis anos!

E parabenizámonos de que cheguemos a un acordo, a unha transacción na non recentralización de competencias dende as comunidades autónomas ao Estado...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora VILÁN LORENZO: ...porque —vou rematando, presidente— así vostedes van emendar que se abstiveron no título VIII da Constitución, que precisamente se refire ás comunidades autónomas.

E, por último — non porque sexa menos importante, senón precisamente porque é o máis importante—, quero falar de igualdade. Imos chegar a un acordo, a unha transacción en violencia machista, je menos mal! Porque algo estamos facendo mal, porque se non os resultados non serían os que son, e iso quere dicir que hai que apostar aínda máis pola loita.

E vostedes teñen un problema coa igualdade, ¡teñeno! O 8 de marzo deste ano 2018 saía o deputado Tellado para dicir que a folga do 8 de marzo era «a máis machista que podía haber» —literalmente—. A súa portavoz de Igualdade fala de mulleres floreiro e de homes floreiro, pero de mulleres floreiro: «non queremos un goberno con mulleres floreiro». (*Murmurios.*) Quizais porque hai cortinas nas residencias de maiores que tamén teñen flores. Pero o que vostedes non teñen nin tiveron no seu momento é a valentía política de dicirlle a Castelao Bragaña que as mulleres non somos como as leis e que non estamos para que nos violen. Nin tampouco teñen a valentía política de dicirlle ao alcalde de Vilanova de Arousa que as mulleres non somos «chachas para todo». (*Aplausos.*) Había un... —vou rematando, presidente—. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: Había un conto, un cómic, que se titulaba —dentro dos cómics que eu lía cando era pequena— *Petra, criada para todo*; porque criada, sirvienta e chacha significan o mesmo. E, dende logo, nós non compartimos esa visión, nin das persoas que se dedican ao servizo doméstico nin das mulleres que vivimos no século XXI.

Vostedes si comparten ese machismo casposo e ese clasismo e elitismo acomplejado do alcalde de Vilanova de Arousa. Se non é así, voten a favor da nosa proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, bos días a todos e a todas.

Estivo moi ben a comparación de Feijóo co vendedor de fume e do señor Tellado co neno que cría no vendedor de fume. Só que eu creo que falla que o señor Tellado non cre no vendedor de fume nin cre no que di o vendedor de fume, é un profesional e teno que dicir, pero crer non o cre nin el.

Porque o fume foi un esforzo de Feijóo neste debate hai dous días por negar a existencia de problemas en Galicia, porque, claro, se non hai problemas non teñen por que aportar solucións. Hai problemas e non hai solucións porque o Partido Popular non ten un proxecto de futuro para o autogoberno galego nin para Galicia.

Tampouco dedicou ningún minuto, señor Feijóo, a falar dos incumprimentos das promesas enunciadas no discurso de investidura ou no discurso do ano pasado; nin un chisco de autocrítica acerca das eivas evidentes do seu goberno.

E, por exemplo, non dixo nada do que acontece coa promesa da aprobación das directrices da paisaxe para o 2017. Prometéronse para o 2017 e estamos a final de 2018, e seguen sen aprobarse. A señora Beatriz Mato —contestando aquí a unha interpelación miña— dixo que ían estar para setembro de 2018, ¡tampouco están! Pero, claro, as eléctricas dos seus amigos que instalan eólicos en áreas de alto valor paisaxístico están encantadas. Pura casualidade vindo do Partido Popular, ¿non? Por iso hoxe pedimos que se tramiten de xeito inmediato e que eviten o espolio, a destrución dun valor tan necesario para o noso futuro como é a paisaxe.

Pasou por riba, tamén, das políticas de mobilidade de terras. Non fixo mención, por exemplo, aos últimos datos das enquisas de explotacións agrarias do INE, que din que do 2013 ao 2016 se perderon 34.000 hectáreas; perdéronse 3.400 explotacións —o dobre de destrución de explotacións que no resto do Estado—. E aínda así esas explotacións abandonadas non serviron para que as outras explotacións incrementasen a súa base territorial tan necesaria para a competitividade.

Un fracaso en políticas de mobilidade, e nada máis, é dicir, ademais de perder explotacións ao dobre de ritmo que no Estado, perdemos tamén ao dobre de ritmo a superficie agraria útil, e pasan de ter as explotacións unha superficie menor.

Tampouco dixo nada sobre os plans prometidos de ordenación de recursos forestais. O ano pasado dixo que se ía dar pulo aos plans de ordenación de recursos forestais; o pulo de Feijóo foi: nin un plan de ordenación de recursos forestais. Claro, hai que tapar con ditames e leis estes fracasos.

Non deu contas do ritmo de execución das concentracións parcelarias, outra das propostas estrela do discurso do ano pasado. Dixo que nesta lexislatura se ían rematar todas as concentracións parcelarias, e xa lles digo eu o ritmo ao que van. No ano 2017 entregáronse títulos de dúas concentracións parcelarias, e dixo que ía acabar con 130 nesta lexislatura. Outro incumprimento, outro fracaso grave.

Falou de que Galicia é das comunidades autónomas menos endebedada, e iso é certo, a pesar de triplicar a débeda dende que el chegou e cargarlles 3.000 euros na mochila de cada galego e cada galega nos seus nove anos de goberno. ¿É das menos endebedadas? ¡Pode ser! Pero tamén é das que máis dedica a pagar o servizo da débeda, é dicir, é das que máis detrae do orzamento para pagar o servizo da débeda.

Cando o señor Feijóo chegou á Xunta de Galicia, ao Goberno galego, dedicábase do orzamento a pagar a débeda o 3,4 %, hoxe en día págase o 18 % dese orzamento; das máis altas do Estado. E, evidentemente, esa diferenza, ese 15 %, detráese da sanidade, da educación e da dependencia. E iso significa que a xestión da débeda do señor Feijóo prioriza pagarlles aos bancos antes que cumprir coas persoas. *(Aplausos.)*

Pouco falou do sector forestal. Tampouco dixo que a súa proposta estrela para a xestión conxunta do monte fosen as sofor —que viñeron substituír as uxfor dun xeito sectario, absolutamente sectario—, que foron 11, con 2.000 hectáreas xestionadas conxuntamente. ¿Sabem canto significa iso na superficie forestal galega? O 0,1 %. A este ritmo terían que pasar 1.000 anos para que teñamos o monte galego ordenado, ¡un fracaso! Tampouco o dixo, calouno.

Non dixo que en Galicia no ano 2017 medraron os desafiuzamentos, mentres que no resto do Estado baixaban segundo pasaba iso. E ri a señora Ethel Vázquez cando coas súas políticas se incrementaron os desafiuzamentos no 2017, je aínda ri! (*Aplausos.*) ¡Moi ben! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, xa estamos acostumbrados, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Xa estamos acostumbrados. ¡*Que se jodan!*, xa estamos acostumbrados.

Ben, pois mentres... (*Murmurios.*) (*A señora Vázquez Mourelle pronuncia palabras que non se perciben.*) Cando acabe de falar por teléfono, se pode dicirlle á conselleira que se tranquilice un pouco... (*Aplausos.*)

Mentres isto pasaba a conselleira, a señora Ethel Vázquez, executaba só 2 millóns de euros en políticas de acceso á vivenda, o 40 %, deixando 3 millóns de euros sen executar. Mentres isto pasaba o programa estrela da Xunta de Galicia, o Programa de vivendas baleiras, executou 10.499 euros de 300.000 euros, un 3,4 % de execución.

Tampouco falou de vivenda protexida o señor Feijóo, que tamén é outro dos grandes fracasos deliberados de potenciar a especulación sobre o dereito á vivenda. E non dixo que en 2015 se fixeron en Galicia cinco vivendas de protección oficial, e en 2016 catro, cando en 2010 se construían neste país 2.900. Iso significa que en Galicia se constrúe trinta e cinco veces menos de vivenda protexida que no resto do Estado.

Tampouco falou nada de que hoxe en Cambre hai cincuenta familias coa soga ao pescozo porque hai un fondo voitre que comprou vivendas que foron protexidas ata hai un ano e que non lles está renovando os contratos. Porque vostedes fixeron políticas que fixeron desgravacións fiscais a quen compraba vivenda para alugar, e iso fai que, evidentemente, as persoas que están hoxe vivindo nesa urbanización de Cambre teñan unha angustia vital tremenda. A vostedes tanto lles dá, polo que se ve seguen rindo.

Tampouco falou nada, ou si, falou de impostos cero no rural —perdón—, iso é rirse da xente. Impostos cero no rural é rirse da xente. Que lle falen a unha persoa de impostos cero no rural despois destes últimos anos é indignante. Non sei que me mira con esa cara o señor Rueda, non sei se non lle agrada, pero é así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Non entre... (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Fálennlle á xente do rural... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Non entre niso. (*Murmurios.*) (*Protestas.*)

Silencio. (*Murmurios.*)

¡Silencio, por ! (*Murmurios.*)

Señor Sánchez, vostede sabe que a expresión facial de calquera persoa iso non é un problema. (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Desculpe. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Xa está. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

Imos seguir. (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Xa está!

Silencio. (*Murmurios.*)

Imos seguir.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, por exemplo, falou de impostos cero no rural e non dixo nada dos 200 millóns de euros que se recadan máis dende que gobernou o señor Rajoy debido ao catastrazo. Recádanse 200 millóns de euros máis no rural.

Non falou nada do incremento do IVE, que tamén pagan no rural.

Tampouco falou nada de que pagan un canon da auga, que antes non pagaban no rural.

E tampouco falou do dieselazo galego, falou do dieselazo de Pedro Sánchez, pero non falou do céntimo sanitario galego, que significa 4,8 céntimos en cada litro no gasóleo.

Tamén consomen gasóleo no rural, polo tanto, de impostos cero no rural nada. E non sigo porque non hai tempo para tanto incumprimento e fracaso. Pero si que serviu para poñer en entredito a súa credibilidade e para facer novas promesas neste ano.

O que si que lle funciona ben é a manipulación e o control dos medios públicos. Nin os cidadáns e cidadás máis expostos á propaganda do Partido Popular cren os partes triunfais de San Caetano, que xenerosamente se emiten a catro ventos dende San Marcos. A día de hoxe a súa gran batalla en Galicia é o control político dos medios públicos e da CRTVG, e o abafamento dos privados, que non lle rin as grazas.

As traballadoras e traballadores da CRTVG suman xa vinte venres negros, xornadas de loita exemplar contra a manipulación informativa a favor dun xornalismo profesional libre de servidumes partidarias ao servizo do pluralismo. E non é cuestión dos partidos políticos, son os profesionais do medio público os que se manifestan porque queren exercer dignamente a súa profesión sen ser manipulados e sen ser represaliados. (*Aplausos.*) E para iso, para ter un medio de información independente, plural e veraz, pedimos algo tan revolucionario como que cumpran a lei no nomeamento do director xeral, na elaboración do estatuto profesional e no Consello de Informativos da CRTVG.

Outra das características do discurso do Partido Popular neste debate é que a retórica reivindicativa substituíu á desgana en relación co Goberno do Estado. Agora xa exixen, xa demandan e xa lle poñen deberes ao Goberno do Estado; unha mágoa que non tivesen esa mesma ansia co anterior presidente do Goberno. Durante sete anos mantiveron un silencio manso con Mariano Rajoy; silencio manso cando bloqueou a transferencia da AP-9; silencio manso cando abandonou os servizos do tren convencional; cando mantivo un financiamento autonómico e un financiamento local lesivo e discriminatorio con Galicia. Polo tanto, antes silencios submisos e xenuflexións ante o Goberno amigo, e agora slogans vitimistas e golpes no peito. Pero ben, non hai mal que por ben non veña. Se cadra, aproban algunha das nosas propostas que demandan ao Goberno do Estado que cumpra con Galicia e hoxe si se sumen a pedir, por exemplo, que se recupere a concesión da AP-9 para a súa xestión pública e a súa transferencia a Galicia. Pero súmense de verdade, non votando aquí unha cousa e en Madrid outra.

Tamén se poden sumar á petición de transferencia das competencias ferroviarias de proximidade que exiximos para ter un mellor servizo, cos mesmos argumentos que pedimos a transferencia da AP-9. Poden sumarse á mellora e modernización da liña de Ferrol-A Coruña. É un escándalo que durante sete anos de goberno Rajoy non se fixese nada, non se investise un euro, nunha conexión que conecta Ferrol-Coruña, unha área na que viven 450.000 persoas. É unha vergoña tamén que non se avanzase nada na conexión Vigo-Porto, tan necesaria para a economía e para a sociedade galega. Por iso tamén reclamamos que se inclúa a conexión Vigo-Porto nos corredores ferroviarios de mercadorías da Unión Europea. Non se baixen, pois, da onda reivindicativa, creo que pode ser bo para o país. Axuden a atopar solucións onde antes non vían problemas.

En canto a modelos, despois de nove anos de goberno do señor Feijóo, está claro que a realidade que observamos non é froito da casualidade nin é allea ás políticas do Partido Popular. Vostedes apostaron durante estes anos pola precarización laboral e a destrución de emprego, e aí os datos non menten. Hai hoxe 75.000 ocupados menos que cando vostedes chegaron. Galicia presenta a peor evolución de todas as comunidades autónomas do Estado en relación co emprego. Se recuperásemos o emprego ao mesmo ritmo que o recupera a media do Estado, teríamos 35.000 empregos máis neste momento en Galicia.

En canto á precariedade, segundo as cifras de afiliación ao Réxime xeral da Seguridade Social, só o 47 % dos traballadores e traballadoras teñen contrato indefinido a tempo completo. Outra das características do seu goberno foi a depauperación dos servizos públicos e a privatización destes; menos orzamentos e menos profesionais na sanidade e no ensino.

Outra característica é a barra libre para eléctricas, mineiras e Ence, para saquear o territorio e deixar impactos no país para anos; a despreocupación ambiental e o desorde territorial. E agora pretenden aprobar unha nova lei de ordenación do territorio cando non aplicaron a vixente, cando o país se agrediu pola actuación conxunta das medidas activas como foi a lei de depredación, o Plan director de Rede Natura, as normativas para favorecer a eólicas e mineiras, e as pasivas, coa tolerancia e coa destrución do patrimonio natural, paisaxístico e cultural. Aínda acabamos de ver como a Fiscalía trasladou unha denuncia contra a Xunta de Galicia por permitir destruír un castro en Mondoñedo para facer unha canteira.

Sobre a Estratexia galega de infraestrutura verde nada se sabe dende a constitución do grupo de traballo en 2017. En canto se empezou a saber que a señora Beatriz Mato ía ser candidata da Coruña, suspendéronse practicamente todos os proxectos, polo que se ve.

Nada se sabe, ou mellor non falar, da evolución dos plans de ordenación dos espazos naturais. E agora, como solución a esta desfeita, a este legado que nos deixa a señora Mato, anuncian unha nova lei para tapar todas estas carencias. Iso si, nesa lei deixan fóra o sector eólico, que se vai regular pola lei de depredación, e deixan fóra ou non inclúen unha visión metropolitana do país, que se introduciu en 2012 e queda fóra este ano, un auténtico paripé.

Outra característica do seu goberno é a ausencia de vontade de autogoberno, a pesar do teatro de antonte. Nin unha transferencia de competencias en todos os anos do seu goberno, e cesión de competencias no sector enerxético, no das telecomunicacións ou mesmo con Ence, cando se calou ante o feito vergoñento da reforma da Lei de costas para prorrogar a permanencia de Ence outros setenta anos en Pontevedra e cando se tolerou que Galicia non tivese a última palabra nesa decisión: unha vergoña e un escándalo.

Nós apostamos por outro modelo contra a precariedade, que xa é unha característica estrutural do mercado de traballo galego, contra a discriminación laboral de xénero e a fenda salarial entre homes e mulleres, que aumentou desde o ano 2014.

Volven existir traballadores pobres, persoas ás que a pesar de ter traballo non poden vivir do seu salario de forma independente. Unha de cada tres persoas con ingresos laborais está en pobreza salarial, e unha maioría son mulleres. Por iso propoñemos unha estratexia para o emprego digno e de calidade, dotada dos recursos orzamentarios necesarios, con obxectivos claros e instrumentos claros.

A pobreza cébase na infancia e na adolescencia e a Risga maniféstase totalmente ineficaz e insuficiente. A Risga actual non é un instrumento que posibilite a transición ao emprego. En 2017 a Risga só cubre o 2 % da poboación en risco de pobreza, polo tanto, unha auténtica política solidaria pasa por crear antes de 2020 un sistema de renda mínima eficaz e inclusivo, desenvolvendo unha prestación garantida de dereito subxectivo. Presentaremos unha lei con ese obxectivo nos vindeiros días.

As súas políticas de liquidación do Estado de benestar agravaron as consecuencias sociais negativas da recesión económica e multiplicaron as desigualdades. Só atenden vostedes un compromiso: mercantilizar os servizos públicos, desmantelar e privatizar.

En Galicia hai persoas dependentes con dereito recoñecido, que son 66.000, das cales 9.388, o 14 %, están en lista de agarda e non perciben ningunha prestación. En Galicia hai 117.000 persoas que se declaran en situación de dependencia, moitas con gran dependencia, e non chegan a elas as axudas. Fixeron da dependencia un negocio para residencias privadas. Somos a comunidade con máis porcentaxe de residencias privadas de todo o Estado. Recortaron en persoal de atención directa e nos centros de maiores, por iso propoñemos reforzar as políticas que coidan da xente que o necesita, por xustiza.

O 24,8 % da poboación galega é pensionista, por iso é de xustiza propoñen que se melloren as pensións, que se actualicen en función ao IPC real. O dereito de vivenda digna non está garantido en Galicia. Por iso presentamos unha batería de medidas para nós imprescindibles, como é incrementar substancialmente o parque público de vivenda en alugamento, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de promoción pública.

Propoñemos que o Estado, que se negou ata o de agora, permita —co cumprimento da Lei de facendas locais— que os concellos graven as vivendas desocupadas dos grandes posuidores de vivenda.

Reclamamos tamén que se modifique a Lei de arrendamentos urbanos para garantirlle a estabilidade ás persoas que viven de alugamento. E cómpre incrementar os orzamentos e a execución destes orzamentos. E se disto nada fan vostedes, é que entre o mercado e as persoas non falla, vostedes sempre elixen o mercado —o mercado inmobiliario, o negocio especulativo— en contra das persoas, porque aquí hai contradición de intereses unha vez máis.

Tamén converteron e pretenden converter a saúde nun gorentoso negocio. Impuxeron un desinvestimento na sanidade pública e estimularon o aumento de beneficios da sanidade privada. Minguaron os cadros de persoal dos hospitais e dos centros de saúde e acrecentaron a carga de traballo dos profesionais. Devaluaron a súa calidade e recortaron dereitos laborais.

Desatenden os servizos de atención primaria e os puntos de atención continuada. Pasou o da Estrada, e pasou a pesar de que durante meses houbo concentración en vilas, en pobos, en cidades galegas, demandando máis recursos humanos para os puntos de atención continuada e para os centros de saúde. Pasou, e vostedes estaban avisados. Os recortes matan, si, ¡claro que matan!, e vostedes sabíano. (*Aplausos.*)

Cómpre tamén derrogar a Lei de fomento de iniciativas empresariais, a lei de depredación. Ese non é un modelo que poida servir para o desenvolvemento e para a fixación de poboación no rural. É un modelo para a expulsión da xente do rural, é un modelo que deixa terra queimada para os vindeiros anos.

Queremos un novo plan eólico que non sirva para as eléctricas, que sirva para xerar riqueza no rural; que non sirva para espoliar este país, para que eses 600 millóns de euros aproximadamente que se facturan voen para fondos voitre, para bancos, para eléctricas, e non queden, como se fixo noutros lugares de Europa, para dinamizar o medio rural.

Precisamos unha nova planificación do monte e precisamos tamén a conservación da superficie agraria útil deste país, que é garantía de creación de emprego e riqueza para este país.

Necesitamos mellorar a xestión das augas residuais en Galicia para non impactar negativamente nas actividades pesqueiras e marisqueiras.

Necesitamos tamén loitar contra a corrupción. Diso saben vostedes bastante —o partido da corrupción—, saben as consecuencias que pode ter. Vostedes negáronse sistematicamente a que o Ministerio de Xustiza dote unha fiscalía anticorrupción en Galicia. Exiximos hoxe, unha vez máis, esta medida.

Exiximos medidas de liberdade e democracia. No Estado español hai cidadáns no cárcere por exercer liberdades fundamentais; presos políticos, presos de conciencia. Exiximos, unha vez máis, a súa liberdade.

Tamén exiximos que cesen na política esa do discurso da imposición do galego. Agora que lles tomou o relevo Toni Cantó, deberían darse conta de que ese non é o bo camiño.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E, por último —e vou rematando—, quería falar sobre unhas das propostas de memoria histórica, e máis concretamente sobre a mención a Castelao do señor Feijóo cando se desembalou *A derradeira lección do mestre*. Para nós iso non foi só un agravio ao nacionalismo galego, foi un agravio á democracia. Banalizou un símbolo da resistencia democrática fronte á guerra e á barbarie fascista sen escrúpulos. Pero iso non borra a historia, unha historia na que reaparecen as cunetas vermellas, manchadas de sangue, as camisas azul mahón. Un pasado que o historiador Antonio Míguez Macho denominou xenocidio galego, porque en Galicia en 1936 non houbo ningunha guerra, senón asasinatos, tortura e o exilio de sindicalistas, de políticos, de labregos e de mestres.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Cando emerxía a luz, chegaron as sombras, sombras criminais e asasinatas que roubaron daquela a vida dos mellores, dos homes e das mulleres comprometidos cunha Galicia moderna, ilustrada, progresista e revolucionaria. Unha Galicia daquela purgada que hoxe pretenden borrar da memoria de galegos e galegas.

A semente quedou aí, esa semente da Galicia insubmisa que emerxe hoxe nas loitas sociais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Castelao... —e remato xa— ...é patrimonio dos demócratas, non dos herdeiros do franquismo. Rompan vostedes amarras co pasado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

Chegamos ao final do debate do estado da Autonomía e nós cremos que este debate é un reflexo perfecto de cal é a situación política actual nestes momentos de Galicia. Hai un goberno, un goberno que traballa, comprometido cos intereses de Galicia e cos seus retos de futuro. E doutro lado hai unha oposición apocalíptica, unha oposición en branco e negro, unha oposición destrutiva en moitos casos, unha oposición moi pouco propositiva.

Seguen centrados en si mesmos, nos seus propios problemas, nas súas divisións, nas súas confrontacións, insistindo nos erros de sempre e sen querer escoitar o que os galegos nos din a todos nas urnas cando os chamamos para pedirllas opinión. Polo tanto, seguimos escoitando propostas resesas, vellas propostas que xa foron rexeitadas unha e outra vez pola cidadanía galega cando toca decidir. Veñen aquí co vello discurso de sempre, ese discurso manido, aburrido, que non respalda ninguén, só as minorías máis minoritarias de Galicia.

Estamos no ecuador da lexislatura —e temos que dicilo porque non o dixeron— con todos os indicadores en negro, con todos os indicadores en cifras positivas. Todo funciona. Crecemento económico: crece a economía galega máis que a española. Crecemento do emprego: crece no último ano un 9,5 % e baixa o paro en Galicia por debaixo desa cifra. Crecen as exportacións: batemos récords ano tras ano. Crece o turismo, crece o índice de produción industrial, crecen todos os indicadores.

Temos un goberno que traballa con obxectivos claramente marcados; un goberno centrado en garantir a estabilidade institucional do noso país; un goberno centrado en garantir a estabilidade económica; un goberno centrado no crecemento económico e na creación de emprego.

Aquí hai dous modelos, o noso modelo e o seu modelo. O noso modelo é o modelo da estabilidade; a estabilidade que supón crecemento. O seu modelo é o modelo da inestabilidade, que o único que supón é o estancamento da nosa economía. Aquí temos un Goberno que traballa todos os días por Galicia, e do outro lado hai unha oposición sen ideas, sen rigor, sen proxectos para Galicia. Vimos a un PSdeG que non ten máis proxecto que exercer de delegado da Moncloa en Galicia, de dicir *si bwana* a todo e de dicir que todo o que fai Pedro Sánchez está ben simplemente porque é do Partido Socialista.

Logo está o BNG, que non ten máis proxecto que a mentira e a manipulación, que vén a esta cámara con datos que son falsos; non erróneos, non, non, simplemente falsos. Vén con datos falsos, manipulados, para tentar desacreditar o goberno, e eu creo que son dignos aprendices da mentira e da manipulación do independentismo catalán que sofren e queren imitar.

E vimos a unhas Mareas de Podemos que non teñen máis proxecto que o insulto —escoitámolo antes— e a liorta interna permanentemente. Antonte, Luís Villares fixo varias afirmacións que non merecen nin cualificación porque son impropias dun representante dos galegos. Creo que algunhas frases que dixo nesta Cámara son acusacións moi graves, sen ningunha proba que as avale, e que o desacreditan como voceiro dese grupo parlamentario, como deputado e como servidor público, nas institucións e tamén na xustiza. Eu creo que son comportamentos que non se poden repetir nesta Cámara.

Acudimos a este debate do estado da Autonomía con 40 propostas de resolución que someteremos a votación, propostas encamiñadas nunha dirección clara: crecemento económico, creación de emprego, mellora dos servizos públicos e estabilidade para a Galicia de hoxe e para construír así a Galicia de mañá. *(Aplausos.)*

Son propostas que coñece todo o mundo, polo tanto, vou reparar pouco tempo nelas. Propostas que se centran en economía e emprego, nos sectores produtivos, en política social, en infraestruturas, en actividade institucional e de respecto da democracia no noso país. Estou seguro de que van votar todos a favor delas.

En materia de economía e emprego, nós cremos que é imprescindible seguir apostando polo crecemento dende o noso ámbito competencial, por iso propoñemos rebaixar a carga fiscal que soportan os galegos e que o goberno Sánchez non acometa ese dieselazo co que nós non estamos de acordo. Requirimos que se axilice a reforma do sistema de financiamento para dotarnos dun que sexa, por fin, xusto con Galicia.

Pedimos un programa de segunda oportunidade para os mozos que non estudan e non traballan. Volvemos apostar por mellorar as condicións dos empregados públicos a través da implantación da carreira profesional e do impulso de medidas de conciliación da corresponsabilidade.

Sectores produtivos, a nosa economía. Queremos preparar o Xacobeo 2021 e contar con todo o mundo, porque vai ser tamén un revulsivo para o noso turismo e para a nosa economía.

Estamos na lexislatura do rural, por moito que lle pese e lle moleste á oposición, ¡claro que si! Estamos na lexislatura do rural, polo que insistimos na reordenación da política forestal, apoiamos os produtores galegos e pedimos priorizar a atención ao rural na próxima fase do Plan de transporte.

Política social, para nós é fundamental, foino nos últimos dez anos. Blindamos e melloramos a política social. Calquera indicador que se compare cando gobernaba o Bipartito, ou o duplicamos ou o triplicamos. *(Aplausos.)* Esa é a realidade. E, polo tanto, ¡claro que si!, nós imos ser os que abramos sete residencias nas sete grandes cidades de Galicia. Nós imos crear esa lei de impulso demográfico. Nós imos traballar para os nosos maiores tamén dende o Bono autonomía, dende o incremento da axuda no fogar e instando o Goberno a que cumpra tamén a súa parte na Lei de dependencia, algo que está por ver se vai apoiar e vai respaldar o Partido Socialista agora que gobernan de forma provisional no Goberno de España.

Reivindicamos melloras na nosa sanidade pública. Temos unha das mellores sanidades públicas de España e de Europa, por moito que lles moleste. E a nós moléstanos que non o recoñezan, porque critican no fondo non un goberno, senón o esforzo colectivo que fai o pobo galego dedicando o 40 % do orzamento da Xunta de Galicia cada ano para ter a mellor sanidade posible, (*Aplausos.*) por moito que a vostedes lles moleste.

En infraestruturas, ¡claro que si!, imos manter a nosa posición con respecto á AP-9, a nosa posición con respecto ao AVE, a nosa posición con respecto a todas as infraestruturas. Nun momento no que parecen estar de moda os partidos que desprestixan as nosas institucións —como os que menosprezan o Senado porque non o controlan—, o Grupo Popular aposta por reivindicar o noso compromiso co Estado social, democrático e de dereito no que vivimos. Reivindicamos a Constitución española do 78 e- reivindicamos a vixencia do Estatuto de autonomía do ano 81, ¡claro que si!, son pezas claves. Por iso insistimos na nosa defensa da Constitución e pedimos o reforzo do Senado como Cámara de representación territorial. E queremos agradecer o talante do voceiro socialista, que permitiu chegar a acordos nesta materia.

Polo tanto, ¡claro que si!, nós imos manter as nosas posturas nos temas que son por todos coñecidos. Demandamos a cooperación entre administracións: Xunta, Fegamp, concellos, para que vaian da man, co fin de evitar catástrofes como a do Marisquiño. Veremos o que vota o Partido Socialista.

Insistimos na loita contra a corrupción e demandámoslle ao Estado que regule a actividade dos grupos de interese, por suposto. E, por último, intentando prestixiar un pouco o servizo público aos cidadáns, cremos que nin a inviolabilidade, nin a inmunidade parlamentaria poden ser un escudo para dicir o que un queira, para imputar delitos alegremente ou para intimidar os cidadáns aos que queremos representar. (*Aplausos.*) Non se poden utilizar nin a inviolabilidade, nin a inmunidade parlamentaria para dicir na rúa «vostede non sabe con quen está falando». Non se poden utilizar nin a inviolabilidade nin a inmunidade parlamentaria para dicir aquí o que a un lle peta, aínda que non sexa certo, e ademais saiba que non é certo. Iso é o verdadeiramente grave, e lamento que non estea aquí o señor Luís Villares para escoitalo.

Con respecto ao Bloque Nacionalista Galego, á súa intervención e ás súas propostas, eu teño que dicirlles o que dicía a señora Rodil —e eu creo que estamos de acordo—: outra Galicia é posible. ¡Claro que si!, traballamos para que outra Galicia sexa posible. Traballamos nese plan para deseñar a Galicia do futuro, ese plan estratéxico 2021-2027. Pero, logo de escoitala, teño que dicirlle que, efectivamente, outra Galicia é posible, pero a do BNG sería peor. Esa é a que non queremos, non nós, é a que non queren a maioría dos galegos, e dino de forma reiterada cada vez que se lles consulta nas urnas. Están vostedes todo o día mirando os marcos, e ao final non sementan a leira. Esa é a visión raquíca, ridícula, do nacionalismo galego. (*Aplausos.*) Todo o día vixiando os marcos, que non nos movan os marcos, e están vostedes pechándose en si mesmos.

Mire, vostede fixo aquí unha serie de propostas que eu teño que dicirlle que están dirixidas directamente á súa bancada, directamente aos seus, unicamente aos seus. Están pechados en si mesmos. Vostedes queren un acordo, pero co Bloque Nacionalista Galego. Mire, Galicia

é moito máis, Galicia é moito máis grande, Galicia non son vostedes, vostedes representan unha mínima parte de Galicia. Escolten a toda Galicia e traten de representar a toda Galicia. Defendan os intereses de todos e saian do minifundismo político no que levan vivindo dende o século XIX. (*Aplausos.*)

Señora Rodil, nós non queremos unha Galicia de lazos amarelos, ¡nós non queremos unha Galicia de lazos amarelos! Vostedes si. Queren a Galicia dividida, fragmentada, enfrontada, que hoxe é Cataluña. Nós non, non queremos mirarnos nese espello.

Tamén piden unha axenda galega en Madrid. Eu supoño que se refiren a esa axenda que levan décadas reivindicando e que os levou a que os galegos os sacasen das Cortes Xerais. Ese é o seu exemplo, para nós non. Volven pedir o cupo a pesar de escoitar a todos os economistas do noso país dicindo que sería un erro garrafal que nos restaría mil millóns de euros de financiamento cada ano. Seguen vostedes nesa política. Reclaman a banca pública e a tarifa eléctrica galega, negocios ruinosos para a nosa economía.

Polo tanto, eu creo que seguen vostedes equivocados. Piden que merquemos un cadro, *A derradeira lección do mestre*, e aquí, se me permiten, voume parar un segundo, porque esta proposta de resolución retrata á perfección ese minifundismo ideolóxico do BNG que eu diría que leva anos retrocedendo. Vostedes queren mercar un cadro que non está en venda, punto número un. Vostedes cren que Galicia remata nas nosas fronteiras. Si, si, vostedes cren que Galicia remata nas nosas fronteiras e pretenden argumentar que os galegos de Bos Aires, que disfrutan dese cadro, non son galegos como os que vivimos aquí. E Galicia tamén está alí porque Castela é universal e Castela (*Aplausos.*), señora Rodil, non é de ninguén, Castela é de todos.

Polo tanto, neste sentido, eu sei que a nosa posición é clarísima sobre esa cuestión, señor Sánchez. O Partido Popular condenou nesta Cámara, nun debate de autonomía coma este, o franquismo. Polo tanto, leccións de democracia, ningunha (*Aplausos.*) ¡ningunha! Porque nós non somos herdeiros de nada, ¡de nada! Polo tanto, leccións nese sentido, de nada.

A min gustaríame que os señores do BNG deixen de apropiarse de símbolos que son de todos e que non son de ninguén, que son de todos. Déixense de levantar fronteiras permanentemente.

Por certo, eu teño que dicirlles que crean o que xa existe. Falan nas súas propostas de resolución do salario público de inserción laboral. Mire, señora Rodil, isto xa está inventado é a Risga. A Risga está inventada, a Risga creámola nós, un goberno do Partido Popular, con Manuel Fraga. Pero ¿que nos está explicando?, ¿que nos está explicando? (*Aplausos.*) E neste tempo de crise, nestes dez anos, dende que os galegos os desaloxaron do Goberno galego, a Risga triplicouse en Galicia. Nós gastamos tres veces máis na Risga que cando gobernaban vostedes. Pero, ¿que leccións nos queren dar? Non inventen o que xa está inventado.

Logo son moi divertidas as súas propostas de resolución, nunha delas pretenden instar a Xunta de Galicia a que garanta a carga de traballo nos estaleiros militares de Ferrol. Eu non sei se vostede o que propón é que a señora Rosa Quintana, ou o señor Alfonso Rueda para a Policía

autonómica, merquen fragatas ou corvetas. ¿E o que propoñen? ¿Temos que garantir nós a carga de traballo duns estaleiros que dependen do Estado e da SEPI? ¡Oia! tomemos un pouco en serio esta cuestión. Ademais, ¿sabe que?, a min gustaríame saber onde estiveron vostedes, porque cando o Goberno socialista, nos seus últimos cinco anos, conseguiu cero contratos para os estaleiros da ría de Ferrol, o BNG calaba e nós protestabamos. E, ¿sabe que lle digo? O señor Sánchez é aínda peor que o señor Zapatero, porque Zapatero non conseguía contratos, pero é que o señor Sánchez, en cen días, case perde os que deixamos. *(Aplausos.)* Iso é o que vostedes defenden. ¿Quen ten que defender o sector naval público estatal? *(Aplausos.)*

Falan vostedes dun futuro digno para as comarcas carboeiras galegas e os plans de minería. Eu creo que debían ser valentes e dicir o que defenden. ¿Queren que peche a central térmica das Pontes e a de Meirama? Nós non. ¿Queren vostedes pechalas? É o que defenden. Eu creo que deberían aclararse sobre esta cuestión.

Sobre o Partido Socialista, señora Vilán, a foto de hoxe da que vostede alardeaba, esa foto de hoxe entre Pedro Sánchez e Pablo Iglesias, é a foto da rendición, vostede o sabe. Pedro Sánchez ten que firmar o que sexa, o que faga falta, pero ¿sabe que firmaban realmente? Non firmaban os orzamentos xerais do Estado para o ano 2019, non, non, firmaban a rendición, firmaban na letra pequena o indulto para os políticos independentistas presos, eses cos que vostedes nunca ían pactar. Esa é a realidade.

Señora Vilán, eu vina un pouco sobreactuado. A verdade é que nos gustou moito máis o talante do señor Leiceaga nestes días de debate e de acordo. Eu vina un pouco sobreactuado, non sei se trata de gañar un posto de viceportavoz co novo responsable. Cando vostede falaba, eu vía que os seus compañeiros non miraban para a tribuna, miraban para arriba esperando a ver se chegaba o paracaidista. *(Risos.)*

Mire, o que lle podo dicir é que o Partido Socialista non trae nada novo, trae o de sempre, nada novo baixo o sol. Os socialistas comezan as súas propostas de resolución dando cumprimento ás demandas de Abel Caballero —aínda que na Cámara non se poida nomear este nome—. Tamén piden máis impostos, máis déficits e máis débeda. Vostede diso non falou, pero esas son as súas propostas de resolución: máis impostos, máis déficit, máis débeda. Un clásico no manual socialista de como afundir España. O que pasa é que trataremos entre todos de que ao señor Pedro Sánchez non lle dea tempo. De entrada sabemos como a economía se está desacelerando, e supoño que a inestabilidade que vostedes xeran algo terá que ver con todo isto.

Piden vinte centros de saúde novos en Galicia, está moi ben. Antonte o presidente anunciou dezanove. Estamos nesa senda do acordo do 90 % do que vostedes nos falaban. E vanme ter que desculpar, pero que vostedes nos presenten de novo propostas en emprego, en pensións, en diminución da pobreza, dende o Partido Socialista, a verdade é que soa a broma de mal gusto. Vostedes que foron os campións do paro, vostedes que foron o único Goberno que conxelou as pensións en España, os únicos campións en incrementar os índices de pobreza e os que meteron a España na peor recesión da historia recente, non poden vir agora a reinventarse a si mesmos cun discursos co que tratan de agochar cal é a súa verdadeira situación.

Falan de corrupción —¡que divertido, dende o Partido Socialista!—. Miren, sobre a corrupción unha pregunta: ¿por que vostedes non se fan a si mesmos unha moción de censura en Andalucía? Unha moción de censura a si mesmos en Andalucía, eu creo que sería o máis importante.

Falou vostede de machismo. Mire, nós estamos en contra de expresións como a que vostede citou aquí, «*chacha para todo*». Estamos moi en contra desa expresión. (*Murmurios.*) Dixémolo publicamente a través de distintos voceiros do noso partido. Estamos en contra desa expresión. Tampouco nos gusta que unha ministra lle chame «*maricón, ou nenaza*» a un compañeiro do Consello de Ministros. (*Aplausos.*) Non nos gusta, non nos gusta. E tampouco nos gusta que unha ministra de Xustiza diga que prefire «*tribunais de homes e non de mulleres*.» Non nos gusta.

Vostedes si teñen un problema coa igualdade. Vostedes utilizan a igualdade para facer política da mala, para facer política da peor. (*Aplausos.*)

Sobre as propostas de En Marea, eu entendo que vostedes veñen hoxe aquí, señor Sánchez, con propostas moi longas, moitas delas retomadas de proposicións non de lei debatidas xa en comisión, porque vostedes están a outra cousa, e máis nestes momentos. Vostedes están nas primarias de Podemos, están nos plenarios de En Marea, están a conspirar contra Villares, e niso é no que ocupa o seu partido todas as horas do día, todo o tempo de traballo.

Falan vostedes de medios de comunicación independentes e non manipulados. ¿A que se refiren? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿A Hispan TV, pagada polo réxime iraní e que dá de comer a Pablo Iglesias? ¿A La Tuerca? ¿A Aló Presidente? ¿A *dame a mi los telediarios y quédate tu con la Consejería de Turismo*? (*Risos.*)

Eu agradézolles a honestidade e que confesen na súa proposta de resolución sobre a CRTVG que o que realmente queren é entrar no Consello de Administración da CRTVG. (*Aplausos.*) É o que din na proposta, que queren entrar no consello de administración.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Alégrome moito de que pidan o cumprimento dos prazos do AVE, sobre todo tendo en conta que hai unhas semanas pediron dende Madrid que se parase, que a Galicia non, que non era rentable. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, agradézollelo.

Falan de corrupción e de dereito á vivenda. ¿De verdade? ¿Hoxe? Obríganme vostedes a pensar mal, a pensar que me están incitando a que eu lles faga o traballo na Coruña. (*Murmurios.*) Se queren falar vostedes desas dilixencias xudiciais contra o alcalde Xulio Ferreiro, resolvan vostedes os seus problemas. «*Nin casas sen xente, nin xentes sen casas.*» Esa era a premisa. Pero ao final resulta que era: «*Nin amigos que venden pisos, nin amigos desatendidos.*» Era algo así: atendamos primeiro os nosos. (*Aplausos.*)

Nós vimos a este debate do estado da Autonomía coa man tendida. Nós presentamos 40 propostas de resolución. Ofrecémoslle 14 transaccións a En Marea e aceptaron 2 de 14. Ofrecémoslle 20 transaccións ao Partido Socialista e aceptaron 5. E a aqueles que falaban do rodillo, ofrecémoslle ao BNG 9 transaccións e aceptaron, señora Rodil, ¿sabe cantas? ¡Cero! (*Murmurios.*) Ese é o rodillo de Ana Pontón.

Miren, señorías, nós non temos medo a gobernar. Fixémolo sós nos peores momentos da crise, e facémolo agora se vostedes se negan a participar na definición desa Galicia do futuro que hoxe lles propoñemos. Se por algo se caracteriza a nova política é precisamente por iso, polo medo a gobernar. Estámolo vendo en todas as cidades nas que vostedes están á fronte da Alcaldía: non tomas decisións, non xestionan, non gobernan.

Nós non temos medo a gobernar, asumimos o reto de tomar decisións aínda a risco de equivocarnos, ¡claro que si!, porque só o que fai cousas se pode equivocar.

Xa sabemos que con vostedes non se pode contar. Non contamos nos peores momentos, ¿como imos contar agora? Non estiveron cando Galicia os necesitaba, e moito menos estarán agora que Galicia non os precisa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Pero non nos digan que vostedes teñen as receitas do éxito, porque ¿onde estiveron vostedes todo este tempo? Non nos digan que teñen as receitas do éxito, porque sempre votaron en contra das nosas propostas e, ao final, foron as nosas propostas as que sacaron a Galicia da crise.

Hoxe en Galicia hai 40.000 traballadores máis que hai 2 anos, que cando se iniciou esta lexislatura. O paro baixou nos últimos 2 anos en 41.000 persoas, gústelles ou non lles guste. A min gustaríame que lles gustase, pero como vostedes viven nesa Galicia apocalíptica e en branco e negro, viven naquilo de, «*canto peor, mellor.*» Nós estamos instalados en, «*canto mellor, mellor.*»

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Posicionamento dos grupos. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu o que lle diría ao señor Tellado é que non se alporice, que é malísimo para a tensión. (*Aplausos.*) É malísimo para a tensión alporizarse. E vir tan envelenado a unha tribuna, peor aínda, ¿non?

Mire, eu creo que se algo demostrou a intervención do señor Tellado é que teñen bastante pouco que proporlle a este país. (*Aplausos.*) Teñen bastante pouco que proporlle a este país,

porque vostede non veu falar das súas iniciativas, as máis delas, para calquera persoa que as lese, son un corta e pega dos anuncios que fixo aquí o presidente do Goberno. Despois parareime un pouquiño máis nalgunhas delas porque eran vellas coñecidas xa nesta Cámara. Non veu falar das súas propostas de resolución, desa suposta «outra Galiza mellor» que pretende construír o Partido Popular, e ao que se dedica é ao de sempre. Vén aquí difamar, vén insultar, vén menosprezar, e logo temos que oír —como fixemos o martes— da boca do Partido Popular que ten que haber respecto dentro desta Cámara. *(Aplausos.)* ¡Que ten que haber respecto dentro desta Cámara!

Difamar, insultar, menosprezar, infravalorar, o que dá conta tamén de cal é a concepción que ten o Partido Popular da democracia: empeza e acaba en si mesmos, e se non se lles dá a razón, se se ten unha proposta distinta, se se ten un proxecto político diferente, absolutamente nada vale, porque a democracia para o Partido Popular empeza e acaba neles mesmos.

Logo temos que oír, dentro desa sarta de difamacións e de menosprezos ao traballo político que fan as persoas e os grupos parlamentarios que estamos aquí representados, coa mesma responsabilidade e co mesmo dereito que calquera outro, que ao que vimos é propoñer cousas que están fóra da legalidade.

Falaba o señor Tellado dos estaleiros públicos, dos estaleiros de Navantia, e dicía que o Bloque Nacionalista Galego viña propor aquí... non sei, unha cousa marciana absolutamente. Nós o que pedimos na nosa proposta de resolución, señor Tellado, é que cumpran a lei, que cumpran a Lei 4/2010, de fomento do sector naval, e os compromisos aos que se comprometeu —valga a redundancia— o propio presidente da Xunta nos últimos anos e que aínda non foron cumpridos, como eses centros de reparación de Vigo e de Ferrol.

Tamén temos que crer que toda a novidade quen os trae o Partido Popular, por exemplo no marco dun debate como o que hai aberto sobre o reparto de poder dentro do Estado, sobre a propia estrutura territorial do Estado, o Partido Popular saca da chisteira unha cousa novidosa absolutamente, que nunca antes se escoitar neste país, que é propoñerlle ao Partido Popular, que ten maioría no Senado, que no Senado o Partido Popular traballe por fortalecer como unha Cámara territorial o Senado. Esa é a gran novidade, esa é a gran aposta que ten o Partido Popular que ofrecerlle a este país no marco dos debates que hai abertos.

¿E que máis nos propoñen nas súas propostas de resolución? ¿Cales son esas grandes ideas da grande Galiza do futuro que nos debuxa o Partido Popular? As mesmas receitas, as mesmas receitas, señor Tellado —¡iso si que é vello!, ¡iso si que é vello!—, as vellas receitas fracasadas, as vellas promesas, repetidas unha e outra vez ata a saciedade. Rutina e repetición, rutina e repetición que nos demostran —e teño que dicírllelo absoluta e sinceramente— que están esgotados, que están esgotados e que non hai máis que rascar aí. *(Aplausos.)*

Pensan vostedes, e iso é o peor, e eu creo que é unha falta de respecto ao conxunto do país, que non teñen que facer nada. Que non teñen que facer nada e que teñen que seguir achegando a mesma rutina, as mesmas receitas repetidas unha e outra vez.

Por exemplo, algunhas das propostas que formula o Partido Popular. A primeira das propostas de resolución foi un anuncio que trouxo ademais o presidente da Xunta de Galicia no debate da sesión do martes, que é un programa dirixido a aquelas persoas máis mozas que nin estudan e non traballan, que se atopan no desemprego. Esta é unha proposta do ano 2014, ¡do ano 2014! E nós preguntámonos que foi daquel plan dirixido aos mal chamados *ninis*, desde o meu punto de vista; que foi daqueles 48 millóns de euros que se anunciaban no ano 2014.

Logo hai outras materias que a nós parécennos absolutamente gravosas, porque vén aquí e di: propuxemos non sei cantas propostas de resolución e o BNG non aceptou ningunha. Cónteo todo, cónteo todo. ¿Cantas propostas de transacción achegou o BNG, señor Tellado? Once. Once propostas de transacción achegou o Bloque Nacionalista Galego en cuestións que para nós son absolutamente fundamentais e absolutamente fulcrais en lingua, en cultura.

En lingua propoñemos cumprir o que di estritamente o Plan xeral de normalización lingüística: nada. En cultura, propuxémoslle algo tan sorprendente como crear unha pinacoteca nacional neste país, para darlle un pouco de contido e de compromiso real a esas propostas de resolución absolutamente vaporosas, por non dicir outra cousa. Fixémoslles propostas de resolución para garantir compromisos reais que melloren as condicións da rede de ferrocarril de proximidade neste país. Fixemos propostas de resolución concretas, e vostedes negáronse a aceptar que Galiza reclame os 186 millóns de euros que o Estado español lle debe a este país. (*Aplausos.*) Algún día deberían explicar cal é a razón para non querer comprometerse a demandar do Goberno do Estado o que debe e o que marca a lei, ¡o que marca a lei!: eses 186 millóns de euros.

Pero tamén fixemos propostas en materia de violencia machista. Nós seguimos mantendo a mesma vontade que expresaba no principio da miña intervención: estamos aínda a tempo de chegar a un acordo con compromisos reais, e o máis importante, con compromisos orzamentarios. Non se pode seguir, de verdade, asinando acordos sen ningún tipo de compromiso orzamentario, sen ningún tipo de recurso económico. Porque é fume, é propaganda, e é unha e outra vez intenta facer que se fai, pero non facer nada.

Volven outra vez cunha proposta de transacción onde se recolle garantir que dentro dos espazos xudiciais deste país haxa espazos separados para vítimas e para agresores dentro dos xulgados. Hai once anos que se aprobou a Lei de violencia machista neste país, (*Aplausos.*) de tratamento integral e prevención da violencia machista, e aínda non fomos quen de garantir que nos espazos xudiciais haxa espazos separados para as mulleres que denuncian e para os seus agresores.

E pretenden volver repetir o mesmo acordo, pero, iso si, iso si, sen poñer nin un só euro. Nós temos unha capacidade limitada para as cuestións de fe —tamén llelo digo—. Nesta Cámara chegouse —porque o impulsou o BNG— ao principio dunha lexislatura a un principio de acordo de pacto galego, cunha serie de puntos moi concretos, nos que nada ou moi pouco se ten avanzado. Insisto en que a nosa vontade é poder chegar a un acordo, pero nós non imos seguir comungando con rodas de muíño, que, ademais, para nada melloran nin para nada poñen enriba da mesa os recursos que son necesarios para garantir unha vida libre de violencias para o conxunto das mulleres deste país.

Pola miña banda, máis nada.

O último —e insisto moito nestas cuestións—: estamos aínda a tempo, pero para iso o que cómpre é vontade política. Estamos fartas de brindes ao sol, fartas de declaracións de intencións, fartas de discursos baleiros de contido. Se hai vontade política de avanzar nunha sociedade máis equitativa e máis xusta, iso exige que se poñan recursos orzamentarios e recursos económicos enriba da mesa. O demais é propaganda.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Señor Tellado, vostede non defrauda nunca. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E falaba dunha foto que era a foto da rendición. Pois, falando de rendicións, *A rendición de Breda* é unha obra mestra que ao mellor non estaría de máis que vostedes nalgún momento fosen ver e ademais copiasen. É unha rendición pero é unha obra mestra. As rendicións en política non existen, señor Tellado, *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* as rendicións en política non existen. Hai outras dúas fotos que ao mellor estaría ben que vostede mire, e son as libretas de Bárcenas, que saíron en moitas fotos, con aquilo de «*Luis, sé fuerte*»; pois ao mellor esa foto, que era a foto *(Murmurios.)* que a sentenza da Gürtel dicía «*participación a título lucrativo*», ao mellor vostede tamén a ten que ver. E ao mellor tamén ten que ver a foto do Goberno de España con mulleres igual de válidas que os homes, que é a foto da igualdade. *(Murmurios.)* Esas son as tres fotos: corrupción, igualdade e a foto da rendición de Breda. ¡Fantástico, señor Tellado! *(Aplausos.)* ¡Fantástico!

Falaba vostede de que ía vir un paracaidista. Entón, a señora Rosa Oubiña tamén é unha paracaidista nesta Cámara e temos o pracer *(Risos.)* *(Murmurios.)* de tela aquí dentro porque se moveu a lista de Pontevedra. Eses son os paracaidistas. *(Murmurios.)*

A vostede vanlle tirar das orellas, señor Tellado, porque o presidente Feijóo non falou de dezanove centros de saúde, falou de dezasete. Revise vostede o seu discurso. Dixo dezasete como número, porque só falou dun, ningún máis, pero non dixo dezanove. Vanlle tirar das orellas, señor Tellado. *(Murmurios.)*

Tamén porque vostede di que están en contra do dieselazo, vostedes están en contra da redución de emisións de CO₂ e do medio ambiente, porque en Galicia non se fabrican motores, non temos un problema, porque non se fabrican motores, *(Murmurios.)* fabricamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Diésel non. *(Murmurios.)* Non fabricamos motores. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora VILÁN LORENZO: ¡Non, non se fabrican!

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Señor Losada, silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*
¡Silencio! *(Murmurios.)* Silencio, por favor.

Imos moi mal de tempo, ademais. ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: E está ben que revisen vostedes, señor Tellado, vostede e a conselleira de Medio Ambiente, as últimas decisións da Unión Europea de redución nun 35 % de emisións de CO₂. O diésel provoca CO₂, señor Tellado. É bastante contraditorio. *(Murmurios.)*

E logo falou vostede de que por que non presentamos unha moción de censura en Andalucía. A pregunta non é esa, a pregunta é por que despois de máis de trinta e cinco anos non a presentaron nunca vostedes. Quizais porque a perden. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso pode ser. *(Murmurios.)* Quizais porque a perden. Porque aquí houbo moción de censura, en varias comunidades autónomas; en Andalucía, nunca. Pregúntelles vostede aos seus compañeiros andaluces e ás súas compañeiras andaluzas por que nunca presentaron unha moción de censura en Andalucía. Tamén porque a do señor Hernández Mancha foi fantástica e quedou gravada na nosa memoria colectiva. *(Murmurios.)*

Con relación ás nosas transaccións —volvo dicir—, o Grupo Parlamentario Socialista está no 91 % das transaccións desta Cámara; de vinte e tres transaccións estamos en vinte e unha.

E, con relación ao Grupo Parlamentario do BNG, hai seis das súas propostas de resolución que non podemos apoiar, porque vostedes nos propoñen un modelo de país, un modelo de nación que nós non compartimos. O dereito a decidir dos pobos non existe. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Non existe. Non hai unha tarifa eléctrica vasca en Euskadi, non a hai. Nin Euskadi é excedentario de enerxía, como Galicia.

Con relación ao cupo —non sei se estar contenta ou non con que o presidente da Xunta estea de acordo co que estou a dicir— *(Murmurios.)*, non é que o cupo non sexa posible, é que para Galicia é deficitario. *(Aplausos.)* É posible, pero non para Galicia. *(Aplausos.)*

E dicía antes que, con relación ás pensións, imos ao Pacto de Toledo e imos á suba conforme o IPC. Pero non estamos de acordo —como dicía antes— co seu modelo, porque nós cremos que o único réxime que houbo en España foi o réxime do ditador Franco, non o réxime do 78. O réxime do 78 non existe, *(Aplausos.)* existe o réxime do ditador Franco. *(Aplausos.)*

E non podemos compartir que se diga que hai unha falta de independencia e un talante reaccionario nos estamentos xudiciais e que se usa o Código penal para disparar contra os dereitos e liberdades, e que hai presos políticos en España. Nós non o compartimos. Moitas das persoas que forman parte das nosas filas e que deron a vida sendo presos políticos estaban durante a ditadura do ditador Francisco Franco. Agora mesmo non hai presos políticos en España.

E para o dereito de autodeterminación hai algo tan fácil como reformar a Constitución, pero de acordo co que di a propia Constitución. Porque o resto, calquera outra cousa, é un golpe de Estado e é poñerse fóra da democracia —cremos nós—.

Non podemos votar a favor pola mesma razón dunha das propostas de resolución de En Marea, nin tampouco a que nos propón un plan forestal que implicaría rachar co que temos traballado no ditame da Comisión de política forestal, porque non podemos agardar máis, porque é imprescindible cambiala. E os exemplos son Mondariz, O Xurés, A Gudiña e todos os lumes do ano pasado, e os anteriores, e os anteriores e os anteriores.

Non podemos agardar, como mínimo, outros cinco anos por un novo plan forestal, ¡querémolo xa!, e nós nas nosas propostas pedímolo o mes que vén. ¡Querémolo xa! E o plan ten que incorporar unha nova política forestal. Por iso chegamos a un acordo na Comisión de política forestal no seu ditame.

Señores do Partido Popular, chegamos a acordos no Senado e na Conferencia de Presidentes, que o outro día nos anunciaba o presidente Feijóo. Pero hai que ter en conta os calendarios electorais, porque hai xa eleccións autonómicas convocadas e porque pode haber novas eleccións autonómicas. E vostedes aceptaron introducirlo na súa proposta de resolución.

E nós estamos de acordo en que o Senado ten que ser unha Cámara de representación territorial de verdade e que o modelo ten que estar descentralizado. Por certo, exactamente igual que na II República, coas rexións autónomas das que bebe a nosa actual Constitución de 1978. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero non podemos aceptarlles o seu brindado ao sol en memoria histórica. Hoxe saíu moito o sol; saíu «un brindado ao sol», saíu «nada baixo o sol»... Por certo, sobre o sol xa non hai imposto, con vostedes habíao, *(Aplausos.)* co Partido Socialista xa non o hai. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E, falando de sol, con iso do Rei Sol, ao señor Tellado escapóuselle, así desa maneira —sen querer, foi sen querer—, dicir que imos crear unha lei. Iso faríao o Rei Sol, pero aquí non se crean leis, as leis apróbanse nunha cámara de representación democrática. *(Aplausos.)* ¡Ese é o seu subconsciente, señor Tellado, que lle sae! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* ¡Sáelle!

A súa proposta de memoria histórica é fume, ¡fume! Póñenlles deberes aos concellos, á Administración xeral do Estado, pero para a Xunta, ningún, ¡ningún!, nada, nada, todo para outros. Porque agora non está Mariano Rajoy; se estivese Mariano Rajoy no Goberno, entón só habería para os concellos.

E logo en sanidade —volvo dicir— só nos falaron do novo hospital para A Coruña. Pero nós non lle imos facer a campaña á candidata do Partido Popular na Coruña. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Murmurios.*)

A señora VILÁN LORENZO: Volvo repetir. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Volvo repetir: gustaríanos que, igual que nós estamos no 91 % das transaccións da Cámara, vostedes amosasen a mesma capacidade de diálogo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, a intervención do señor Hernando dignificou esta Cámara (*Murmurios.*): non utilizou as súas prerrogativas parlamentarias, foi moi respectuoso... Iso si, non dixo nada en positivo nin aclarou todas as cifras e argumentos que eu lle dei sobre os incumprimentos e fracasos do Partido Popular. Pero, coma sempre, foi moi construtivo, señor Hernando.

Analizou as tres forzas políticas...

O señor PRESIDENTE: Señor Tellado, jeh!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Ah!, si, ¡perdón!

O señor PRESIDENTE: Por se se confundiu, nada máis.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Un lapsus, foi un lapsus.

Señor Tellado, (*Murmurios.*) señor Tellado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Xa está corrixido o nome.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Analizou con detemento as tres forzas políticas. Esqueceu o Partido Popular. (*Murmurios.*) Se tivera tempo para analizar o Partido Popular, seguramente diría: un partido que está corroído pola corrupción interna que o atravesada e que corre á extrema dereita para tratar de refuxiar e de conservar votos no Estado español. Seguramente sería iso, ¿non, señor Tellado?

Despois amosou a súa concepción da democracia. Chamounos minorías minoritarias. Si, señor, a quen representamos a case seiscentos mil galegos e galegas, o 44 % dos que votaron. (*Aplau-*

sos.) (*Murmurios.*) Vostedes sacaron o 47 % dos votos; o 53 % dos votos son galegas e galegos que merecen respecto, señor Tellado. ¿Verdade que si? (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Os que votaron e os que non votaron. (*Aplausos.*) Visión totalitaria da política que vostede mostrou aquí.

Despois falou do dieselazo. ¿Pensan vostedes eliminar o céntimo sanitario, que significa 4,8 céntimos por litro?

Lexislatura do rural. Falou da lexislatura do rural. Señor Tellado, os datos da lexislatura do rural están aí, xa llos dei: récord en destrución de explotacións agrarias, récord en destrución de superficie agraria útil.

Falou de facer unha lei de impulso demográfico. ¿Son capaces de facer a lei? Si. Do impulso demográfico, non, polo que se ve. Iso si, leis pódenas facer.

Vostede dixo que ían manter a posición coa transferencia da AP-9. ¿Cal posición? ¿A de aquí ou a de Madrid? ¿A de bloqueala, non? ¡Claro! Ben, votar aquí unha cousa e en Madrid outra. ¿Esa vai ser a posición que manteñan vostedes? Ou agora, como xa non están no Goberno, se cadra, pois cambian a posición en Madrid tamén, porque como non lles vai ter custo...

Falou vostede de que as propostas en electricidade eran un negocio ruinoso para o noso país. ¿E o negocio rendible é ter produción eléctrica para exportar un terzo da nosa produción, cos impactos ambientais que iso conleva, para acabar pagando a electricidade máis cara do Estado, co suplemento territorial que aprobou o señor Soria, señor Tellado? ¿Ese é o gran negocio para Galicia?

Vostede dixo que de democracia ou de memoria histórica non querían leccións. Ben, eu creo que vostedes si que foron tendo leccións e asumindo e, de feito, están cambiando. Despois de moito tempo, están cambiando, están cambiando. Despois de moito tempo están cambiando a súa política. Pero aínda lles queda moito que andar. Aínda hai pouco vostedes presumían de non gastar un euro nas exhumacións. Presumían, presumían diso, falaban de reconciliación, etc., etc. Falaba o señor Rafael Hernando de que eses que andan exhumando e buscando os seus parentes só o facían cando había subvencións. ¡Hai que ser miserable!

Falaba o señor Casado de que iso de pensar nesas cousas e de traballar por esas cousas era de carcas, *esa izquierda carca que siempre anda pensando en las fosas y eso*. Ese é o Partido Popular. Quédalles moito treito aínda por percorrer. (*Aplausos.*) Polo tanto, non despreze ningunha lección, que, por outra banda, eu non tratei de dar; non tratei de dar ningunha lección, nunca trato. Só digo que Castelao é daqueles que se acheguen con honestidade ao seu pensamento, non daqueles que tratan de manipular o seu pensamento, de terxiversar a historia. Iso é o que tratei de dicir. (*Aplausos.*)

Falou vostede e presumiu da Risga, das máis baixas do Estado. Só cobre o 2 % da poboación en risco de pobreza.

Señor Tellado, vostedes perderon unha sentenza, foron condenados porque querían que unha señora cunha filla a cargo se fose da vivenda da súa irmá para ter unha vivenda indepen-

dente. Perderon, foron condenados, e despois o señor Feijóo, evidentemente, despois de pasar pola Xustiza, prometeu que iso será corrixido. Non é tampouco para presumir tanto.

Falou vostede de paro. Aínda terían que crear setenta e cinco mil empregos máis para ter o nivel que tiñan cando chegaron vostedes ao goberno en 2009; hai setenta e cinco mil ocupados menos. Teñen a peor evolución de todo o Estado en emprego nestes momentos. Xa dixen antes que, se recuperásemos o emprego como está recuperando o resto do Estado, teríamos varios miles de empregos máis en Galicia.

Falou vostede de medios independentes e cal era o noso modelo. O noso modelo era o señor Urdaci, señor Tellado. *(Aplausos.)* O noso modelo é o dos medios de comunicación que teñen redactores xefes que chaman «carroñeiros da desolación» os cidadáns e cidadás que foron manifestarse contra os lumes. Ese non é o noso modelo, é o seu.

O noso modelo non é aquel medio que provoca que os profesionais da Televisión de Galicia leven vinte venres seguidos manifestándose por exercer dignamente a súa profesión. Iso está pasando en Galicia. O noso modelo de medios públicos non é aquel que persegue e represalia aqueles que digan que queren uns medios públicos independentes, e que cando lle din as cousas á cara ao señor Feijóo se lle abran expedientes. Ese non é o noso modelo. Nós defendemos os profesionais que defenden o exercicio da súa profesión digna. Si, señor Feijóo. Vostede ten que escoitar verdades e iso non son prerrogativas. *(Murmurios.)* Non sei do que estou falando. Xa, xa. Sábeno os que se están manifestando os venres na Televisión de Galicia, ¿verdade? *(Aplausos.)* Creo que a súa intención non é faltarlles ao respecto, señor Feijóo, aos profesionais, ¿verdade? Claro que non.

O noso modelo de medio público non é aquel que fai propaganda partidista día si, día tamén. Vou contar unha anécdota. Vin o Telexornal cando foi declarar o señor Rajoy, casualmente. Eu tamén o vexo pouco porque non teño moito tempo, como o señor Feijóo tamén, pero, cando podo, véxoo. *(Murmurios.)* Mire o que lle digo por curiosidade. ¿Sabe con que abriu a Televisión de Galicia aquel día? Con imaxes de Felipe González: é o segundo presidente que vai declarar por corrupción e tal. *(Aplausos.)* Mire vostede se non manipulan partidariamente.

Falou vostede de vivenda. Ben, falou, frivolizou sobre vivenda, señor Tellado. Vostede, aínda que non o pareza, é o portavoz do grupo que sustenta o Goberno galego. Ten que ser algo máis serio cando fala de cuestións tan importantes. Veu aquí frivolizar e falar da Coruña, cando en 2017 se incrementaron os lanzamentos en Galicia; cando os niveis de execución das partidas de acceso á vivenda —xa o dixen antes— foron de vergonza; cando o seu programa estrela, o programa de vivendas baleiras, se executou nun 3,4 %; cando vostedes bloquearon en Madrid tamén o cumprimento da Lei de facendas locais para que se puideran aplicar recargas ás vivendas baleiras de grandes posuidores; cando vostedes teñen a evolución de vivenda protexida que dixen antes: pasar de dúas mil novecentas iniciadas en 2010 a cinco ou a catro en 2016 —perdón—. E cando vostedes fracasaron absolutamente, vostede veu aquí frivolizar e falar da Coruña; non frivolicie con iso. *(Murmurios.)*

E sobre a súa resolución 35, sobre esa resolución na que nos queren dicir como comportarnos e que dicir aquí, quero dicirle que a vostedes lles encanta censurarnos, poñernos liñas vermellas aos demais. Pretenden ditarnos como facer e como actuar nesta Cámara.

Mire, ¿como é posible que non se poida dicir aquí que o Partido Popular é un partido corrupto? (*Murmurios.*) ¿Como é posible? Estaríamos faltando á verdade. Vostedes foron condenados por corrupción e vostedes teñen esa realidade. (*Aplausos.*) Son escandalosamente cínicos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O bo comportamento é o comportamento que houbo este luns no pleno da Coruña. Ofrecéronse flores para a tumba de Xulio Ferreiro. Iso si que é un bo comportamento e un comportamento democrata. Afórrenos a súa hipocrisía parlamentaria, señor Tellado.

Mire, en canto ás propostas de resolución, evidénciase unha gran coincidencia coas propostas do BNG e do Partido Socialista de Galicia. Coincidimos na recuperación dos servizos públicos, coincidimos no reforzo da sanidade, do ensino, da dependencia. Coincidimos en que é necesaria unha mellora da ordenación territorial e respecto ambiental. Coincidimos en que hai que facer políticas para o emprego digno, para fomentar o coñecemento. Coincidimos na necesidade duns medios públicos non manipulados, na defensa da lingua e da cultura galega, en potenciar o ferrocarril, etc., etc. E tamén se evidencia unha distancia evidente co Partido Popular e por iso as votacións serán coherentes con iso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

¡Que difícil é, cada vez máis, subir a esta tribuna! Porque se falas da Coruña, moléstanse os das Mareas; se falas de Vigo, moléstanse no PSOE. Ao final, non se pode falar de Galicia. Vostedes queren que falemos do seu, ¿non? (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Miren, calquera que se achegue a este debate do estado da Autonomía pode comprobar que en Galicia hai dúas realidades políticas innegables: por unha parte, a existencia dun goberno sólido, un goberno consolidado, un goberno respaldado por unha maioría parlamentaria excepcional, un goberno que comparece nesta Cámara cando toca, para facer balance do feito e que presenta os plans de futuro para Galicia; e do outro lado, temos unha oposición composta —sinto que os moleste— por tres minorías minoritarias, incapaces de artellar sequera un discurso coherente, non entre elas; é que, se no seu grupo, señor Sánchez, falan varios deputados, non dirían o mesmo, porque o seu grupo é unha ensalada de partidos. E, polo tanto, esa é a realidade.

Mire, unha radiografía da oposición nun minuto: temos un BNG que segue sen máis proxecto para Galicia que copiar o independentismo catalán. Temos un PSdeG-PSOE anestesiado, que calquera diría que foi o que perdeu naquela moción de censura; non conseguiron nin un só ministro do PSdeG-PSOE no Goberno de Pedro Sánchez e, ademais, teñen que adicar todo o día a defender os agravios do señor Pedro Sánchez con Galicia; esa é a realidade do Partido Socialista. E logo temos unhas Mareas, as Mareas de Podemos, que pasan todo o día pele-

xando entre eles mesmos; está Ferreiro contra Villares, Martiño contra Villares, Bescansa contra Gómez-Reino... e, mentres tanto, os galegos van renunciando a entender as súas liortas e a entender o que vostedes propoñen para Galicia.

Señora do BNG, a vostede sorpréndelle que nós fagamos o que di o presidente da Xunta. É que, se vostedes fixeran iso cando gobernaron Galicia, igual outro galo cantaría, ¿non? (*Aplausos.*)

Mire, no BNG vimos un discurso cativo para unha Galicia cativa, que é a Galicia nacionalista. Non os votan nin o oito por cento da xente. Unha Galicia excluín-te que mira con envexa a Cataluña. E nós non temos envexa ningunha do que acontece en Cataluña. Nós non queremos unha Galicia de lazos amarelos, xa llo dicimos. E, polo tanto, nós non cremos nesa Galicia decimonónica que vostede debuxou, nesa Galicia apocalíptica, nesa Galicia en branco e negro, nesa Galicia minoritaria, nesa Galicia acomplexada, nesa Galicia excluín-te e excluída que vostedes propoñen. Non cremos nese modelo.

O Partido Socialista, señora Vilán, agarda a chegada do paracaidista. Todos miraban para riba mentres vostedes falaban. Son un PSdeG adormilado que agarda a remodelación do seu grupo parlamentario; un PSdeG anestesiado por parte do delegado do Goberno en Galicia, que esa é a súa función, que lles di: «nada de criticar os agravios de Pedro Sánchez con Galicia»; un grupo intervido polo norte e polo sur: intervido polo norte polo señor Javier Losada, intervido dende o sur polo señor Abel Caballero, que ten prohibido citar o seu nome.

Grazas, señora Vilán, por recoñecer a rendición do señor Pedro Sánchez esta mesma mañá, rendido ante Podemos, rendido ante os independentistas. A letra pequena do que se firmou hoxe é darlles o indulto aos políticos presos independentistas. Esa é a letra pequena. Verémolo, verémolo.

Mire, ten vostede razón: son dezanove centros novos e dous remodelados. Polo tanto, dezanove, señora Vilán, dezanove: dezasete novos, dous remodelados (*Aplausos.*)

Señor Sánchez, non dubide vostede da miña coincidencia política co presidente do meu partido, non o dubide. Eu tampouco vou dubidar da súa coincidencia política co voceiro que senta ao seu carón, non vou facelo. (*Risos.*) Mire, máis alá da opinión política que me merezan as Mareas de Podemos, eu creo que os seus votantes tamén merecen un respecto, tamén o merecen. E o que non merecen é a liorta permanente Villares contra Noriega, Bescansa contra Gómez-Reino, Iglesias contra Errejón... e cero propostas para Galicia. Ese foi o seu modelo. De todos os modos, eu deséxolles sorte aos militantes de Podemos en Galicia, porque van ter que escoller entre unha deputada nacional que vive en Madrid, xa que di que Galicia se pode gobernar desde Madrid, ou un deputado nacional que vive en Madrid pero que, en realidade, quere encabezar as listas de Bruxelas, quere gobernar Podemos-Galicia desde Bruxelas. Hai que elixir unha en Madrid, outro en Bruxelas. Ese é o seu modelo.

Mire, as Mareas de Podemos son noticia todos os días na prensa. Nas últimas semanas o Concello liderado por Xulio Ferreiro —Marea Atlántica— xerou tres noticias, tres. A primeira: anulación da compra dos pisos a un fundador das Mareas Atlánticas, porque hai in-

dicios de amaño no concurso. Segunda noticia: anulación dunha feira, porque hai indicios de amaño tamén no concurso do Fórum Gastronómico. Terceira noticia: que a Fiscalía admite a trámite todo iso que ten que ver co caso do cárcere.

¿Que quere que lle diga? ¿Quere que falemos realmente de vivenda, de política de vivenda das Mareas de Podemos? ¿Cal é a lección da súa xestión? Mire, onte a verdade é que viamos unha foto que é paradigmática, exemplo do que son as Mareas de Podemos. Onte Xulio Ferrero pisaba unha alfombra vermella porque ía á estrea dunha película. ¡Está el para pisar alfombras esta semana, a verdade! (*Aplausos.*) ¿Pero sabe que é o grave? Que foi á estrea dunha película. ¿Sabe como é o título da película? *La sombra de la ley*. ¡Anda que tamén foi elixir a semana para ir ver esta película! (*Aplausos.*)

Mire, falemos de realidades, non falemos de películas. A realidade é que hai dous días podemos escoitar o voceiro do seu grupo facer unha intervención que é indigna desta Cámara, no Parlamento galego, no seo do debate do estado da Autonomía. Eu creo que deberían canalizar a súa frustración política doutra forma. Esas non son as formas de comportarse nun Parlamento democrático. E hai que facer reflexións: cando ninguén te apoia, hai que ter altura de miras suficiente para facer autocrítica. O odio que se transmite non é compatible co normal funcionamento das institucións. Se non es capaz de respectar o que non pensa coma ti, é mellor que non te adiques á política. (*Murmurios.*) Esa é a realidade. É mellor saber irse a tempo antes de que a un o boten os seus propios compañeiros.

O señor Luis Villares deixaba unha entrevista nas hemerotecas na que dicía, en agosto de 2016: «*Mi única militancia y compromiso es con la Constitución. No puedo esconder que en ciertos ambientes definirse así provoca malas caras*» — referíase ao seu propio partido —, «*pero ser independiente trae estas cosas. Yo no reniego de la Constitución, porque creo que defiende unos valores muy positivos*». ¡Quen te viu e quen te ve! Porque a verdade é que as propostas de resolución que acompañan o Grupo de En Marea non van precisamente na defensa dos valores democráticos da Constitución.

Mire, señor Villares, eu voulle deixar ao presidente da Cámara esta sentenza publicada no día de onte, do Tribunal Supremo. (*O señor Tellado Filgueira amosa un documento.*) Onte o Tribunal Supremo deunos a razón do que levabamos dicindo anos. Non se pode exercer tiranía dende os escanos da política. Vostede non só xulga dende un escano senón que vostede fixo política dende un xulgado. É o que di esta sentenza do Supremo. Vostede ditou unha sentenza contra a mesma Xunta de Galicia, á que ía anunciarse como candidato só uns días despois, e cando xa había meses que estaba negociando a súa candidatura e que o seu nome estaba nos xornais para incorporarse á candidatura das Mareas de Podemos. Vostede non é un digno representante da cidadanía galega pero tampouco é digno de seguir impartindo xustiza nin dende o escano nin dende os tribunais de xustiza. (*Murmurios.*) Nós cremos que ese non é o camiño. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señor Sánchez, falaba vostede do cadro de Castelao. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mire, Castela é patrimonio de todos, é patrimonio de todos os galegos. Non é patrimonio de ningún partido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é patrimonio de ninguén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: O cadro está aquí, o cadro está en Galicia porque o trouxemos nós, porque o trouxo este Goberno, o Goberno do Partido Popular, para o seu desfrute e para que o coñezan todos os galegos e as galegas. *(Aplausos.)* Esa é a realidade. *(Aplausos.)* ¡Lecções, ningunha! ¡Ningunha! *(Aplausos.)*

Galicia non é de ninguén, Galicia é de todos. Deixen de apropiarse dos símbolos. E isto é válido tamén para os señores que están ao seu carón, que tratan de apropiarse dos símbolos e que os cambian. Porque a bandeira tampouco lles vale e métenlle unha estrela, porque ten que ser só deles. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Deixen de apropiarse dos símbolos porque os símbolos son de todos.

E respecto polos votantes, señor Sánchez, por todos os votantes. A súa intervención recordoume unha do señor Fernán-Vello que dicía que o pobo galego era ignorante e aliado porque votaba o Partido Popular. Mire, nós respectamos as minorías, pero respecten tamén vostedes as maiorías. Porque nós estamos aquí porque o quixo unha inmensa maioría dos galegos, o 48 % dos galegos votaron, e votaron alto e claro, nas eleccións de setembro de 2016. Querían un goberno serio, un goberno solvente, un goberno centrado nos problemas de Galicia, un goberno que garantise a estabilidade política do noso país. Algo que vostedes non eran capaces de ofrecer de ningunha forma, porque terían que xuntarse todos e aínda así non chegarían. Porque nin xuntos serían capaces de xuntar unha maioría similar á nosa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós estamos aquí para servir a Galicia e non para servirnos de Galicia. Estamos aquí para resolver os problemas da xente. Levámolo facendo durante nove anos. Hai unha folla de ruta clara, marcada, que é o futuro desta comunidade, e podemos escribila entre todos. E vostedes tamén poden aportar ideas, pero traballen na boa dirección, escoiten o que di a xente. *(Fortes murmurios.)* Hai unha folla de ruta marcada, unha folla de éxito: nos últimos dous anos 41.000 parados menos na nosa comunidade. Veñen vostedes cunha emenda á totalidade que ao final só reflicte o fracaso dos seus proxectos políticos respectivos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

Señor Villares, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente, quero a palabra para pedir que vostede, se non o fai o deputado que acaba de falar, retire todas as frases que son relativas ao comentario que se realiza da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que foi parcialmente confirmatoria hoxe no Tribunal Supremo. Digo isto por dúas razóns: en primeiro lugar, porque é formalmente inxurioso dicir que esa sentenza, en primeiro lugar, foi ditada por unha persoa —cando non o foi, foi por tres—; en segundo lugar, que esa sentenza foi ditada por unanimidade e, polo tanto, as acusacións formalmente inxuriosas de que é ditada por razóns políticas e non xurídicas son imputadas non a unha persoa que está aquí falando senón a tres persoas, dúas das cales son maxistrados en activo. Polo tanto, é unha incorrección que supón unha acusación gravísima non contra este que lle está falando —que tamén— senón tamén contra a dignidade e a función xurisdiccional do conxunto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En segundo lugar, fáltase á verdade cando se di que esa sentenza que se afirma publicada no día de hoxe é totalmente revogatoria da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Non o é, é parcialmente confirmatoria; polo tanto, a tese principal non é a que enuncia o señor deputado.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: Razón pola cal, e debido á gravidade dos feitos que se imputan —particularmente a imputación de ditar unha resolución xudicial non por criterios xurídicos senón doutro tipo—, pido que sexa retirada do *Diario* desta Cámara, por favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Quedan feitas esas matizacións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, perdoe. *(Murmurios.)* Eu sei ata onde vai o Regulamento. Se o señor Tellado quere intervir...

Pero non hai réplica. Eu dígolle que houbo unha alusión e vostede respondeu a esa alusión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

¡Si, silencio!

(O señor Tellado Filgueira pide a palabra.)

O señor Tellado agora quere intervir. *(Murmurios.)*

¡Silencio!

(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Si, pero é o mesmo! Agora vai falar o señor Tellado. *(Murmurios.)*

¡Silencio!

¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Voulle preguntar ao señor Tellado, é o que estou facendo e vai falar el.

Ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señor presidente, é para aclararlle a cuestión que suscita o señor Villares. Eu deixareille á Presidencia a sentenza do Tribunal Supremo á que me referín, na que, efectivamente, ten razón o señor Villares: anula a súa sentenza nun 95 % e dálle a razón ao señor Villares só nun 5 %. *(Murmurios.)* Polo tanto, nesta sentenza do Supremo fálase de abuso de sentenza, de extralimitación. E creo que é bo que dende a Presidencia da Cámara se circule a todos os grupos parlamentarios e a todos os deputados para xerar coñecemento do que cada un facía antes de estar nesta Cámara. E, polo tanto, se se fai xustiza e se condena dende un escano... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e se se facía política dende un tribunal, a xente tamén ten dereito a sabelo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Fágao chegar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor TELLADO FILGUEIRA: En todo caso, circunscribo a cuestión no relativo ao que dicía o señor Villares.

O señor PRESIDENTE: Quedou aclarado. *(Protestas.)*

Si, si, si, está aclarado... *(Fortes murmurios.)*

Perdón, está aclarado. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, perdón, iso dilucidarase despois. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, unha das cousas que aquí se pediu hoxe é autocontrol sobre a inmunidade parlamentaria. *(Protestas.)* ¡Fágano todos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Fágano todos! *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Moi ben esa proposta 35! ¡Fágano todos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Todos!

Fágame chegar a sentenza. *(Protestas.)*

Si, si, ¡terminou! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Gran proposta esa: autocontrol sobre a inmunidade parlamentaria. *(Protestas.)* *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Non, non, non! Non vou entrar, señor Villares, con vostede noutro asunto que me resulta moi desagradable sobre algúns comentarios que fixo. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Non quero entrar! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

¡Silencio!

¡A votar! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* ¡A votar, terminouse! *(Fortes murmurios.)*

¡Votamos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non... *(Fortes murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Xa foi corrixido por el! *(Protestas.)* ¡Si, si, el aclarou o termo da sentenza! *(Protestas.)*

¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si que o aclarou! *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio. ¡Xa está! ¡A votar! *(Fortes murmurios.)*

¡Por favor!, se non, chámooos á orde. *(Proseguen as protestas.)* ¡Vostedes verán!

Imos votar. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Votamos! ¡Pechamos as portas! *(Proseguen as protestas.)*

Non, non, non, pero... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Votamos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Proseguen as protestas.)*

Non vou dar a palabra. ¡Votamos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señor Villares, non ten a palabra, imos votar! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Se vostede non está de acordo... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, aquí houbo o mecanismo que está establecido neste Parlamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* Si, foi aclarado. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Se vostede non está de acordo, faga chegar un escrito. *(Protestas.)* *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Se non está de acordo, faga chegar un escrito, que será valorado polos servizos xurídicos. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Sí, si, autocontrol, señores! Inmunidade parlamentaria... *(Murmurios.)* *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Autocontrol para todos, gran proposta esa 35! *(Fortes murmurios.)*

¡Votamos! *(Fortes murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Pechamos! *(Murmurios.)*

¡Votamos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)

Haberá a oportunidade. Vostede, se non está de acordo con isto, sempre pode dirixir un escrito. O debate diríxoo eu. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non, xa está resolto por min, ten aquí a sentenza. ¡Xa está! ¡Xa está resolto! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non dialogue comigo, señor Villares. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Xa está! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Villares, chámoo á orde. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Villares, chámoo á orde por primeira vez. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, ¡terminou! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Chámoo á orde por primeira vez, señor Villares. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, é que, se o teño que volver chamar unha segunda e unha terceira, teño que expulsalo. E non o quero facer. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, ¡vamos votar! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, ¡xa está! *(Murmurios.)* *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Villares, chámoo á orde... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* ¡Silencio!

Señor Villares, chámoo á orde por segunda vez. Se vostede persiste vereime na obrigación de ter que expulsalo, e non o quero facer. *(Murmurios.)*

¡Vamos votar! *(Murmurios.)*

¡Silencio! *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, vostede non está no uso da palabra. (*Fortes murmurios.*) ¡Silencio! ¡Xa está! (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, señor Lago (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*), chámoo a vostede á orde tamén. (*Fortes murmurios.*) (*Aplausos.*)

¡Silencio!

¡Votamos!

Votación das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Pídolles que presten atención porque é unha votación complexa. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, non é unha vergoña de Cámara, é sentido común, autocontrol da inmunidade parlamentaria. (*Fortes murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Votación das propostas de resolución transaccionadas

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando as propostas de resolución transaccionadas. Teño que lelas todas porque son 22, pero hai que lelas.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 34 do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 37 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 25 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 26 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68; abstencións, 5.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 27 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 36 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67; abstencións, 5.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 40 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 29 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 32 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68; abstencións, 5.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 6 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 8 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 40; abstencións, 5.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 14 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 40; abstencións, 5.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 23 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 38 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 39 do G. P. dos Socialistas de Galicia, coa incorporación da corrección técnica consistente en iniciar o texto resolutivo nestes termos: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a...».

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 40; abstencións, 5.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 1 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 26 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 34 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 36 do G. P. de En Marea, coa corrección técnica consistente en suprimir a frase que antecede a: «...o Parlamento de Galicia insta...».

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 4 do G. P. Popular de Galicia e a proposta de resolución número 36 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 5 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 6 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia tras o acordo que se tomou na Xunta de Portavoces e recollida no doc. núm.38565.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego

O señor PRESIDENTE: Imos agora coas restantes propostas. Comezamos coas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; en concreto, coa proposta de resolución número 8.

Votación da proposta de resolución número 8 do G. P.do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 5; votos en contra, 40; abstencións, 28.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta número 8 do G. P.do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das propostas de resolución números 2 e 4 do G. P.do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 5; votos en contra, 54; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución 2 e 4 do G. P.do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das propostas de resolución números 22 e 25 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas as propostas de resolución números 22 e 25 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das propostas de resolución números 1, 5, 13 e 39 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución números 1, 5, 13 e 39 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das propostas de resolución números 6, 7, 9, 12, 18, 19, 30, 31, 32, 33, 35, 38 e 40 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Continuamos agora coa votación das propostas do Grupo Parlamentario Socialista.

Comezamos votando a proposta de resolución número 16.

Votación da proposta de resolución número 16 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 40; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 34 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 5; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 3, 7 e 29 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 40; abstencións, 5.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. de En Marea

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Comezamos votando a proposta de resolución número 2.

Votación da proposta de resolución número 2 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 4 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 5 e 35 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 19, 25 e 38 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 3, 9, 10, 11, 33 e 37 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do G. P. de En Marea agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. Popular de Galicia

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular.*

Comezamos votando a número 7.

Votación da proposta de resolución número 7 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 28; abstencións, 5.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 28 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; votos en contra, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 34 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 14; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 37 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 14; abstencións, 5.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 3, 8, 27 e 33 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 14; abstencións, 5.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 13, 14, 16 e 38 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 14; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 1, 9, 10, 15, 17, 18, 20, 21, 30 e 40 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 19; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.


O señor PRESIDENTE: Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás dúas e vinte e un minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25